

O TRABALLO A TEMPO PARCIAL NA AGRICULTURA

MARÍA MERCEDES TATO RODRÍGUEZ

Departamento de Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 6 maio 1996

Aceptado: 10 xullo 1996

Resumo: Tomando como referencia a información que ofrecen os Censos Agrarios de 1972, 1982 e 1989 e mediante a utilización do criterio de tempo de traballo, imos analiza-lo comportamento da agricultura a tempo parcial en España e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia partindo, por un lado, da análise das actividades e dos repartos de tempos de traballo só do xefe da explotación ou do conxunto dos membros da familia e, por outro, do estudio da presenza ou da ausencia de actividades externas e do tempo de traballo dedicado a elas, ou ben mediante os tempos de traballo (en relación cun mínimo) dedicados á explotación. Os resultados alcanzados na análise realizada permítennos coñecer-las características fundamentais da evolución deste tipo de explotacións, a pesar das diferencias metodolóxicas implícitas nos Censos.

Palabras Clave: Agricultura; Agricultura a tempo parcial; Tempo de traballo; Censos agrarios.

PART-TIME WORK IN AGRICULTURE

Summary: Taking as a reference the information obtained from 1972, 1982 and 1989 Agriculture censuses, utilising the working time criterion, we aim at analysing the behaviour of ATP, both in Spain and in Galician Autonomous Community, bearing in mind: a) The analysis of the activities and the distribution of working times of only the head of the exploitation or of all the members of the family; b) The study of either the presence or absence of external activities and working time devoted to them or by means of working times (in relation to a minimum) devoted to farming. The results obtained from that analysis allow to know the main features of the evolution of this type of farms, despite the methodological differences present in Censuses.

Keywords: Agriculture; Part-time work in agriculture; Working time; Agriculture censuses.

ANTECEDENTES DA AGRICULTURA A TEMPO PARCIAL

A agricultura a tempo parcial (en adiante, ATP) é un tema que presenta moitas dificultades á hora de intentar aborda-lo seu estudio polo que, en primeiro lugar, debemos precisar qué se entende por traballo a tempo parcial na agricultura e qué incidencia ten na nosa economía, con independencia de que nin dende o punto de vista xurídico, nin económico, nin estatístico existe un concepto único de traballo a tempo parcial. Entre as dificultades máis comúns considerámo-las seguintes: as grandes diferencias que existen nas diversas definicións que se dan da ATP; a deficiente información de base sobre o tema, calquera que sexa a definición adoptada; e o insuficiente interese existente, tanto no ámbito das organizacións profesionais agrarias como dos poderes públicos.

No tocante á súa delimitación e definición existe unha abundante literatura sobre o tema. Algúns autores manifestan que a denominación de ATP para chamar a este fenómeno non é a máis adecuada e os seus termos equivalentes en inglés e

francés (*part-time farming* e *agriculture à temps partiel*) son demasiado amplos e elásticos, o que non facilitou unha definición ríxida e internacionalmente aceptable, aínda que, na actualidade, estes termos foran adoptados cos matices ou puntualizacións correspondentes segundo os estudos realizados en cada país. Ademais destes problemas terminolóxicos, á hora de definir e delimitalo fenómeno da ATP temos que ter en conta dous aspectos: un, que fai referencia á súa natureza, é dicir, buscar unha resposta aceptable ás preguntas ¿que é a ATP? e ¿cantas e cales son as causas que a orixinan? e, o segundo, a necesidade duns criterios cuantitativos para determinar qué individuos ou familias ou qué explotacións podemos incluír na categoría de ATP.

Durante moitos anos considerouse que a agricultura campesiña experimentou co capitalismo un proceso de descomposición que a levou cara á súa desaparición. Dende este punto de vista, asumíuse que a ATP é precisamente unha destas formas de descomposición e que constitúe fundamentalmente unha forma de transición.

Para algúns, o capitalismo pode definirse a través da combinación técnica de factores, coas súas posibles alternativas de considerar un factor fixo e os outros variables, o que na teoría económica se coñece como *combinación técnica de factores*.

Noutros casos é frecuente confundilo co simple intercambio comercial, como destaca Sweezy (1964), ó considerar que "*lo que diferencia al capitalismo es la compra-venta de la fuerza de trabajo, y no el simple intercambio de mercancías*". Para estes últimos, o estudo do desenvolvemento do capitalismo resúmese na medida cuantitativa do crecemento do equipo e na extensión dos intercambios. Segundo esta teoría, o capitalismo introdúcese na agricultura no momento no que aumentou o seu parque tecnolóxico ou os seus intercambios comerciais.

Outros, sen embargo, consideran o capitalismo como a suma das empresas capitalistas caracterizadas pola propiedade privada, por unha cantidade importante de medios de produción e porque os que realizan o traballo son man de obra asalariada. No caso da agricultura, considerarase que a unidade de produción agraria será capitalista se esta posúe un equipo importante e traballadores asalariados. O modo de produción capitalista caracterízase porque a parte excedentaria que xera o traballo —a plusvalía— ratease entre as fraccións de capital co que aparece polo tanto o capital como productivo, convertendo con iso a plusvalía en beneficio.

Baixo este punto de vista o que move ó capitalista é o beneficio, o afán de lucro, o aumento da produtividade do traballo, ben aumentando o plus-traballo ou ben con melloras técnicas, pasando os produtos a ter máis valor do que encerran e diminuindo a forza de traballo o seu valor. Isto tradúcese nunha especialización do traballo e nunha división social deste, polo que o factor económico non só é determinante deste sistema senón dominante dentro del por riba de calquera outra ideoloxía. Como manifestaba Mandel (1972, p. 249), "*con el incremento de la producción de un excedente se sentarán las bases de una verdadera división del*

trabajo, de la separación de la ciudad y del campo, de la generalización de las relaciones de cambio".

Segundo a teoría marxista, a tendencia histórica da sociedade capitalista, dende a óptica da produción, tradúcese na conversión a traballadores asalariados de todos aqueles que a realizan, xa que a través deles obterán a ansiada plusvalía e, canto maior sexa o número de asalariados, maior será o beneficio, xa que parte do traballo realizado por eles será apropiado polo capitalista, producíndose a progresiva ampliación e consolidación do modo de produción capitalista; aínda que na práctica, na sociedade capitalista, coexisten diversos modos de produción non capitalistas. Este é o caso da agricultura, no que a actuación do capital a leva a manter modos de produción que noutro sector serían eliminados. É coñecido que unha parte importante da produción agraria permanece a cargo de unidades non capitalistas, é dicir, en mans de pequenos produtores agrícolas, que non colocan as súas producións no mercado ou, no caso de facelo, será para obteren excedentes que eles non poden consumir ou ben para adquiriren algúns artigos de consumo que non producen, constituíndo agricultores de subsistencia segundo a definición que da agricultura de subsistencia dá Badouin (1971, p. 19).

A primeira dificultade á hora de ver as relacións da agricultura co modo de produción capitalista é a do acceso á propiedade da terra, que xorde como consecuencia de elementos inherentes ó factor terra (a extensión e ciclos biolóxicos da superficie terrestre) que non poden ser manipulados ó antollo de cada un. Esta limitación á utilización do solo dispoñible orixina situacións conflictivas entre os modos de produción existentes e leva a preguntarnos: ¿como accede o modo de produción capitalista á utilización do solo? Nas sociedades precapitalistas esencialmente agrícolas este acceso dábase como contrapartida dun dereito social rígorosamente regulado. Sen embargo, o capitalista só pode chegar á terra a través da compra ou do alugueiro dela mesma ás clases sociais —terratenentes e campesiños— que a posúen. O capital tratará de "dominar" a maior parte de terra para explotala con rendementos crecentes na busca do máximo beneficio. Así, o capital actuará fronte á terra intentando sacarlle o maior rendemento posible pola vía do incremento na súa produtividade, introducindo para iso os medios químicos necesarios que teña ó seu alcance; isto é, rompe coa estabilidade dunha economía natural agraria, baseada na reposición das materias primas e enerxía utilizadas.

A inserción do capital na agricultura explícase a través do binomio propiedade territorial-renda. Para o capitalismo, a renda agrícola é consecuencia da propiedade territorial. Como manifestaba Marx (1971): *"la formación del precio de la tierra deja de ser un derecho regulado para convertirse en un derecho adquirido mediante el pago; no es otra cosa que la capitalización de la renta, y la figura que va a hacer posible esta nueva situación es el mercado"*. Segundo Marx, se tódolos capitalistas tivesen acceso á utilización da forza productiva da terra, non se podería conseguirlo excedente agrícola. É dicir, a cantidade de terra dispoñible para o cultivo regulamentará o acceso dos capitais á agricultura. Polo tanto, seguindo a

Vergopoulos (1974): "*o excedente agrícola é unha posibilidade do mercado, do que parten relacións de tipo mecánico entre a agricultura e a globalidade do sistema capitalista, producíndose o afundimento do excedente agrícola, que constituirá o punto de partida para toda a problemática agraria que atravesa este século no que tamén se produce a submisión da agricultura ó capital*".

DIVERSAS TEORÍAS SOBRE O DESENVOLVEMENTO CAPITALISTA NA AGRICULTURA

Fronte á corrente ideolóxica, que consideraba o sector agrícola como unha unidade, xorde unha nova que presenta un esquema teórico baseado na distinción de tres agriculturas. A primeira delas será a agricultura rendible e competitiva, a segunda é a que realiza os máximos esforzos para se adaptar ó modo de produción dominante (o capitalismo) intensificando a súa produción e aumentando a súa superficie, así como loitando para conseguir unha maior especialización e obter créditos para as súas melloras. E, por último, a terceira será aquela que dificilmente poderá adaptarse ós cambios, manténdose no límite da subsistencia (Gervais e Servolin, 1963, pp. 97-122).

En 1967, o Centro Nacional de Xoves Agricultores Franceses (CNJA) defende esta postura e engade algo máis ó considerar que cada unha destas tres agriculturas terá as súas propias necesidades e intereses, que no ten por que obstaculizalo libre desenvolvemento das outras. Esta postura supón unha forte carga ideolóxica, que pretende oculta-las contradicións de intereses existentes entre elas. Nunha análise posterior, considerará a segunda agricultura coma unha fase intermedia de transición para chegar a fusionarse coa primeira, á cal haberá que axudar para que logre facelo.

No seu memorando, Mansholt (1969) considera que "*o proceso de concentración das explotacións agrícolas será paulatino e por etapas ata chegar a unha explotación de dimensións mínimas e determinadas*". No seu informe (p. 48), Vedel tamén adopta a postura de Mansholt, pero de forma menos radical. Para el, será máis importante a diminución do número de explotacións por anexión e a conseguinte reestructuración dos seus solos cultivables que o lograr un determinado tamaño, mantendo tamén que o eixe dunha nova política tendente a reequilibra-las relacións da agricultura co resto da sociedade debe fundamentarse na adaptación das capacidades de produción á demanda do mercado.

O pensamento marxista distingue dúas agriculturas ó considerar que existen dúas formas de produción agrícola: a que segue as regras de funcionamento capitalista e, polo tanto, a busca de beneficio, e a que acaba sometida ás leis do capital. Para Marx, tanto a agricultura como a industria están sometidas ó modo de produción capitalista. En canto á agricultura, mantén que a pequena produción mercantil irá desaparecendo, estruturándose en dúas clases: a dos empresarios capitalistas e a dos agricultores expropiados (os asalariados).

No século XX aparecen unha serie de autores que, partindo nas súas análises da teoría de Marx, afondarán máis nas formas precapitalistas dentro da sociedade capitalista, enfocando o problema agrario nun sentido práctico-político máis ca teórico. Entre estes autores están Engels, Kautsky, Lenin, etc. Para eles, a grande explotación triunfará sobre a pequena e farase a dona do sistema de produción. Engels (1975) considera que a agricultura capitalista do futuro é a grande explotación, enfrontándose así ós socialistas franceses defensores da pequena explotación, xa que esta máis tarde ou máis cedo sucumbirá ante o modo de produción capitalista.

Ante a idea da dominación do capitalismo sobre a agricultura, tanto Kautsky como Lenin coincidían en considerar que a diferenza esencial estriba en que a grande explotación agrícola se industrializa (emprego de maquinaria, fertilizante, electricidade, etc.) e a "explotación campesiña" non pode utilizar eses medios, sufrindo a influencia da "grande industria".

Kautsky (1974) dentro do grupo das explotacións campesiñas establece dúas diferenciacións: as que só producen para atende-las súas necesidades (a familia agrícola) e as que producen preferentemente para o mercado. As primeiras teñen que acceder a outros empregos ou actividades para poder cubri-las súas necesidades (podemos ver aquí unha primeira explicación da ATP). Dunha forma ou doutra ámbolos dous subgrupos terán que recorrer ó mercado para seguir subsistindo, aínda que o primeiro sexa vendendo a súa forza de traballo. Maniféstase partidario, en principio, da grande explotación e demostrará como o sistema capitalista tende á concentración da terra.

Da mesma forma opina Lenin (1974) ó considerar isto como unha simple etapa de transición que rematará coa desaparición destes campesiños; pero, a diferenza de Kautsky, engade que o desenvolvemento da grande explotación capitalista se vai realizar lentamente dentro das economías occidentais, debido a un factor de resistencia dentro e fóra do sistema capitalista —a concentración territorial—. Na pequena explotación campesiña é o propio agricultor o que traballa e produce para el mesmo, o que lle leva a resistirse, aínda que sexa temporalmente, a abandona-la agricultura, todo o contrario do que ocorre na grande explotación na que os traballadores son asalariados. Actúan, polo tanto, como freo á concentración da terra e ó desenvolvemento da grande explotación capitalista. Segundo esta teoría, a ATP sería parte deste proceso de resistencia por parte da pequena explotación á súa total desaparición.

Baseándose en Marx, Lenin fai un desenvolvemento histórico do devir do agricultor en obreiro asalariado. Nun principio, este traballa a terra do propietario de forma gratuíta, pagando polo tanto a súa renda en traballo. Posteriormente, esta renda de pagamento en traballo tomará a forma de renda en produtos ou renda natural. O produtor traballa directamente a terra e entrégalle ó propietario parte do excedente xerado, despois de cubri-las súas primeiras necesidades. É precisamente a obtención dun excedente o que lle permite adquirir medios, incluso traballo alleo, onde Lenin ve o inicio da desintegración do campesiño. Este proceso de

desintegración levará á formación de dous tipos de agricultores, que xurdiron a custa do agricultor medio. Estes son, por unha parte, o campesiño acomodado que forma a burguesía rural e, por outra, o obreiro agrícola. Entre eles atópase o campesiño que non poidendo se-lo primeiro e non querendo proletarizarse, pode tender a converterse en agricultor a tempo parcial para sobrevivir.

Chayanov (1971) introduce novos conceptos na interpretación das relacións entre o capitalismo e a agricultura. Na súa análise parte de considera-lo modo de produción campesiña non capitalista, sendo a unidade de produción a familia campesiña; estes traballan a súa propia terra e só comercializan aquela parte da produción coa que paga-las súas cargas fiscais e obteren aqueles bens manufacturados que precisan para a súa subsistencia (é dicir, parte dunha agricultura de subsistencia). Nesta situación, a unidade agrícola é, á vez, unidade de produción e unidade de consumo.

Chayanov considera que a organización da produción atenderá a satisfacer as necesidades coa menor penalidade de traballo, a ser posible. Para el, a dimensión familiar está intimamente ligada coa dimensión da terra que o agricultor posúe, polo que a familia evolucionará á vez que o fai a terra, xa que esta está sometida ás modificacións que as herdanzas lle reporten.

Este punto de vista bate coas ideas de Kautsky e Lenin, que opinaban que o campesiñado se desintegrará diferenciándose en dúas clases antagónicas: agricultores capitalistas e traballadores agrícolas.

En resumo, uns e outros autores coinciden máis ou menos seguindo a Marx, en que a pequena explotación desaparecerá; outros ven o proceso con certa lentitude (Kautsky) posto que a resistencia do campesiño ofrecerá un freo a este desenlace.

Con respecto ó tema da submisión da agricultura ó capital, existen distintas teorías. Hai autores que están totalmente de acordo en que a agricultura actual está plenamente integrada ó modo de produción capitalista (Evrard, Hassan e Viau, 1976), considerando que o agricultor é un simple asalariado e que os seus produtos son simples mercadorías ou produtos intermedios para as grandes empresas agro-industriais.

Outros autores, como Servolin (1972), aínda que aceptan a dominación do modo de produción capitalista, son partidarios de que a agricultura actual opoña fortes resistencias ó capital, o que se reflicte na aceptación por parte do agricultor dunha subremuneración do seu traballo, renunciando a todo beneficio.

Coa expansión do capitalismo agrario, o sector agropecuario abandona a subsistencia tradicional, comeza a produci-las mercadorías que demanda o mercado cobrando por elas o diñeiro que servirá para adquirir outras mercadorías que lle permitirán vivir e continuar producindo. É dicir, axústase ó esquema M-D-M (mercadoría-diñeiro-mercadoría). De forma gradual as explotacións con máis posibilidades (a través de investimentos de capital acumulado en actividades urbanas, por un esforzo propio en traballo e capital conseguido no campo ou mediante a axuda de créditos) adáptanse a un modo de produción netamente capitalista.

AGRICULTURA E AGRICULTURA A TEMPO PARCIAL

A ATP pódese analizar mediante tres vertentes ou tendencias: pode ser un factor de resistencia ó capitalismo, que se adapta ó proceso de dominación coa busca dun emprego extra-agrícola que lle proporcione unha renda adicional á xa de por ela baixa renda obtida; pode que esta supeditación a dúas rendas non sexa máis cá consecuencia da integración total ó modo de produción capitalista; e aquela ATP que non querendo ser absorbida polo capital acaba dependendo del, aínda que non sexa a través da venda dos seus produtos senón coa venda da súa forza de traballo.

O cambio experimentado polo sector agropecuario español foi extraordinario, dada a penetración do capitalismo nas súas estruturas productivas. Iso maniféstase mediante a substitución da man de obra por capital, a inclusión nos circuitos mercantís internacionais e a intensificación dos métodos productivos, o que provocou a produción sistematizada de produtos de orixe agropecuario e o abastecemento regular da poboación a prezos relativamente asequibles.

A análise histórica do sector agropecuario tradicional mostra que o Plan de estabilización de 1959 supuxo a consolidación do modo de produción capitalista en España, modificando a estrutura socioeconómica do país. Dende a segunda metade dos anos cincuenta e comezos dos sesenta do presente século produciuse un éxodo rural sen precedentes, medrando a poboación a un ritmo acelerado e aumentando o grao de urbanización, o que provocou un auge inusitado dos sectores industrial e de servizos; que os transportes experimentaran un singular desenvolvemento e que o turismo comezara a ser un fenómeno de masas. Todo iso axudou ó incremento dos niveis de renda e do poder adquisitivo dos cidadáns, desembocando nun aumento da demanda de produtos agroalimentarios.

O cambio na demanda dos produtos agropecuarios e o transvasamento masivo da man de obra rural á industria e ós servizos urbanos, entre outros factores, provocou a crise da agricultura tradicional española, caracterizada por uns aproveitamentos extensivos, unha nula capitalización e un mercado autoabastecemento. Por outra parte, a conseguinte alza dos salarios agrícolas, debido á emigración e á satisfacción das demandas poboacionais, provocou a mecanización dos campos e a intensificación dos métodos de produción, que repercutiron directamente nos beneficios obtidos polas explotacións empresariais (con asalariados). Pero as vantaxes que representan nas explotacións familiares (sen asalariados) non afectaron ó nivel de ingresos, senón que se cifraron na ganancia dun tempo de traballo que lle permitiu desenvolver actividades paralelas que complementarían as rendas da familia campesiña.

Cun carácter de supervivencia o traballo agrícola a tempo parcial xorde nas explotacións tecnicamente inadaptadas, é dicir, a pequena explotación familiar entra nun proceso irreversible de crise ó non poder adaptarse ás esixencias técnicas e económicas que lle impón a sociedade capitalista. Estes agricultores abandonan

cada vez máis as súas pequenas explotacións en mans doutros membros da súa familia para poder conseguir eses ingresos adicionais, ben no propio sector agrario (asalariados eventuais) ou ben nos sectores de industria e servicios.

Cabe preguntarse se a ATP constitúe unha forma de alonga-lo proceso de desaparición das pequenas explotacións familiares ou, pola contra, implica unha forma de organización social que permitirá a subsistencia das pequenas unidades de produción familiares de forma permanente.

Actualmente os recursos que obteñen numerosas explotacións familiares non alcanzan para cubri-las necesidades que se formulan no fogar agrícola. Unha das formas ás que recorren para manterse é a de combina-lo seu traballo na explotación con outras actividades productivas fora dela (agrícola ou non), o que lles permitirá obter uns ingresos complementarios para poder seguir explotando o seu terreo agrícola. A esta dobre actividade é ó que se lle ven chamando "*agricultura a tempo parcial*".

A explotación familiar quedou sumida nunha situación crítica e supeditada a criterios de pura racionalidade económica que avogan pola maximización de beneficios e a acumulación de capital por parte das grandes empresas, moitas delas con carácter multinacional, tendo como consecuencia que a pequena explotación familiar non poida competir coas empresas capitalistas de grandes dimensións, pois o seu acceso á tecnoloxía de vangarda e ós mercados é enormemente difícil. Pero tamén é certo que non todo, nin en todo momento, debe reducirse a criterios económicos de estricteza de rendibilidade; as cuestións sociais deben ser tidas moi en conta e, para evita-los posibles efectos negativos, é preciso o apoio e a axuda do estado en forma de incentivos fiscais, subvencións, modificacións das estruturas agrarias e o fomento do traballo en común.

Naqueles países economicamente industrializados, nos que os grandes complexos agro-industriais están alcanzando cotas moi elevadas de desenvolvemento, a agricultura está totalmente integrada no modo de produción capitalista coexistindo con algunha forma non totalmente adaptada que obstaculiza, en certo modo, o desenvolvemento do capital agrario.

Mentres que o agricultor e a súa familia vexan satisfeitas as súas necesidades e as da explotación, realizando eles mesmos os procesos industriais propios, a pequena explotación campesiña será estable e poderá seguir mantendo a súa independencia; pero no momento no que non poidan cubrir esas necesidades, terán que recorrer á venda das súas terras, co cal se proletariza, ou pode reduci-la súa familia, co que reduce as súas necesidades en diñeiro ou en produtos para alimentala, o que supón un aumento de produto para a venda e unha maior esperanza de diñeiro, como expón Kautsky. O excedente de man de obra familiar terá que busca-lo traballo como asalariado na cidade ou no campo ou, finalmente, emigrar. Iso constitúe un primeiro antecedente da ATP, se considerámo-lo concepto restrinxido que utilizan os Estados Unidos para definila, é dicir, cando algún membro da familia ten que saír fóra da explotación para traballar.

O fenómeno da ATP pode englobar tanto ós "campesiños" como ós "agricultores": aqueles que consideran a súa actividade económica na agricultura como unha simple reprodución da súa explotación como aqueloutros máis preocupados pola rendibilidade e eficiencia.

A ATP leva consigo unha diferenciación entre explotación agraria e familia, é dicir, cuestiona a correspondencia entre unha explotación agrícola e unha familia, incluíndo esta na meirande parte dos núcleos familiares pluriactivos, entendendo por estes aqueles que obteñen os seus ingresos co traballo de máis dun membro ou co traballo dobre dun deles.

Os pequenos agricultores poden ser considerados coma unha reserva de man de obra da que dispón o capitalismo para as súas necesidades variables de forza de traballo. Neste sentido, os agricultores a tempo parcial exercen unha actividade como asalariados permanentes ou temporais.

A ATP constitúe unha etapa de transición entre o sector agrícola e o sector industrial ou de servizos, á que se lle asigna o papel de regular, tanto no nivel individual coma no global, a transferencia do factor traballo.

Segundo Naredo (1974), existen antecedentes da ATP na época feudal, aínda que non como a entendemos hoxe, xa que os agricultores daban as súas prestacións como unha axuda mutua, máis ca por unha necesidade de renda, aparecendo a raíz de que a pequena explotación familiar entrara nun proceso irreversible de crise ó non poder adaptarse ás esixencias técnicas e económicas que lle impoñía a sociedade capitalista. Estes agricultores abandonaban cada vez máis as súas pequenas explotacións en mans doutros membros da súa familia para poder conseguir uns ingresos adicionais noutras actividades externas, en principio, agrícolas e, posteriormente, o desenvolvemento económico capitalista foi substituíndo o seu traballo como asalariados eventuais no sector agrario polo realizado nos sectores da industria ou dos servizos, o que lles permitiu mante-las súas explotacións tecnicamente inadaptadas cun carácter de supervivencia.

Así mesmo, distingue dous elementos para que apareza o fenómeno: que os agricultores desexen atopar un emprego adicional fora da explotación (condición necesaria) e que existan eses empregos alternativos (condición suficiente); pon de manifesto o papel que os cambios nos hábitos de consumo teñen na orixe da ATP e sinala que, para que se orixinen estas situacións de alternancia, é preciso que aqueles que necesitan mellora-las súas rendas atopen postos de traballo externos á explotación próximos a esta.

Algúns autores de liña marxista consideran que este tipo de agricultores tenderá a desaparecer nun prazo máis ou menos longo, xa que o desenvolvemento da sociedade industrial levará consigo a desaparición das empresas de tipo familiar e de calquera outra forma de produción que non leve implícita unha división do traballo. A este respecto Marx sinala na súa obra *El capital*: "*De esta maneira, la apropiación de los campesinos y su transformación en asalariados comporta el aniquilamiento de la industria familiar del campo, el divorcio de la agricultura con toda clase de manufacturas y, en efecto, únicamente ese aniquilamiento de la in-*

dustria familiar puede dar al mercado interior de un país el rango y la constitución que exigen las necesidades de la producción capitalista" e isto vai "dar lugar a la formación de una nueva clase de trabajadores, para los que el cultivo del suelo se convierte en accesorio, y el trabajo industrial, cuya labor se vende a las manufacturas, bien directamente o por medio de intermediarios, llega a ser la ocupación principal".

Lacombe (1968), sen embargo, distingue entre causas microeconómicas, que relaciona coas diferencias nos custos de oportunidades do factor traballo, e causas macroeconómicas, como a crecente descentralización industrial, establecendo unha tipoloxía en función do grao de desenvolvemento das sociedades onde se presenta: ATP de subdesenvolvemento, ATP de sociedades desenvolvidas con industrialización e urbanización concentradas e ATP a un nivel superior de desenvolvemento.

Brun, Lacombe e Laurent (1970) realizan unha interesante contribución dentro da análise causal do fenómeno, no marco da teoría *push-pull* (repulsión-atracción) empregada na análise das migracións, e consideran a ATP como a alternativa á desaparición ou ó crecemento das explotacións nas que a relación home/terra quedou excesivamente alta, como consecuencia do progreso técnico ou por outras causas.

Así, o proceso xerador do fenómeno estará condicionado en cada lugar concreto no que se desenvolveu por unha serie de causas e poderá dar lugar a formas diversas de ATP. Por exemplo, con referencia a Italia, Galizzi (1964) distingue:

- a) Aquelas nas que o xefe alternou toda a súa vida, propias de zonas de vella industrialización.
- b) As de xefe ex-agricultor que considera o *part-time* como un paso cara ó abandono total.
- c) Aquelas nas que o xefe se mantén na agricultura mentres os fillos traballan fóra, propias das zonas de recente industrialización; estas explotacións, no momento de producirse a sucesión, desaparecerán ou pasarán a integrarse nalgunha das categorías anteriores.
- d) Outros tipos que se presentan con menos frecuencia.

Lacombe (1968) pon de manifesto a heteroxeneidade que existe no universo de estudio dos agricultores a tempo parcial. Barberis (1969) manifesta que baixo a perspectiva estatística trátase dunha única manifestación: a empresa a tempo parcial; pero as realidades sociais que sustenta son radicalmente diversas. Outros destacan que, como consecuencia desa heteroxeneidade, os enfoques globais sobre a ATP son de dubidosa utilidade. Daucé e Jegouzo (1969) afirman que estes non constitúen máis ca unha categoría dos agricultores a tempo parcial.

Alguns intentos de homoxeneiza-las realidades que estatisticamente se definen como ATP están xa implícitos nas propias definicións cuantitativas do fenómeno. No fondo, tódalas clasificacións que se fan sobre as explotacións agrícolas dun

país pretenden identificar subconxuntos con realidades socioeconómicas concretas, como poden se-las seguintes: as explotacións de xubilados (aproxímanse ás *part-retirement* americanas); as explotacións capaces de proporcionar pleno emprego e boas remuneracións; e as explotacións de verdadeiros profesionais agrícolas.

Estas clasificacións poderían chegar a diferenciar diversas categorías de explotacións a tempo parcial que se corresponderían con fenómenos de distinta natureza.

A ATP non é máis ca unha manifestación do proceso xeral de crecemento económico e unha consecuencia do papel que nel desenvolve o sector agrario, polo que haberá que analiza-los procesos concretos que xeraron as distintas situacións de alternancia, é dicir, os diferentes tipos de ATP. Dadas as importantes diferencias existentes na natureza do fenómeno entre unha serie de países, ¿poderíase falar de distintos modelos (anglosaxón, europeo continental, etc.) de ATP?

Un indicador podería se-la distribución por sectores e categorías dos empregos externos dos agricultores a tempo parcial. Pero este dato non é suficiente para establecer tipoloxías a este respecto. Outro indicador ilustrativo ó respecto viría dado polas diferencias existentes entre as distintas estruturas agrarias —como o tamaño medio das súas explotacións ou a importancia dos asalariados dentro da poboación agraria—.

Os "modelos de ATP" non serían máis ca manifestacións dos distintos modelos ou sistemas agrarios. A análise da ATP debe facerse situando o fenómeno no marco dun proceso xeral de crecemento económico de cada país en concreto e, a partir de aquí, poderemos explica-lo porqué da su expansión e os niveis alcanzados, así como as formas particulares que adopta. Este estudo debe realizarse considerando as realidades agrarias precapitalistas para cada país, sobre as que incidiron procesos de desenvolvemento industrial tamén con importantes diferencias nos seus ritmos, formas, etc. Hai que ter tamén en conta que a ATP tampouco é algo homoxéneo no interior de cada un deses países.

Estes problemas son orixinados principalmente pola heteroxeneidade que existe nos criterios utilizados para delimita-la ATP. O criterio recollido con máis frecuencia é o do tempo de traballo dedicado á explotación e ás ocupacións non agrícolas. Outro criterio vén dado pola proporción de ingresos que a familia obtén na agricultura e polas outras actividades ou ocupacións.

Así, dende o punto de vista dos criterios estatísticos, estes apóianse basicamente en dos tipos de información: os datos sobre o reparto de tempos de traballo entre a explotación e as actividades externas e os datos sobre a diversidade da orixe das rendas percibidas por cada familia.

Baixo a utilización dos criterios de tempos de traballo tamén se formulan varias alternativas: analiza-las actividades e os repartos de tempos de traballo só do xefe da explotación ou do conxunto dos membros da familia e estudia-la presenza ou a ausencia de actividades externas e o tempo dedicado a elas ou os tempos de traballo (en relación a un mínimo) dedicados á explotación.

De acordo con isto, en moitos países as estatísticas agrícolas distinguen entre agricultores a tempo pleno e as diferentes categorías de agricultores que exercen unha dobre actividade en función da importancia relativa das actividades agrícolas e non agrícolas.

Cando os criterios no fan referencia específica ó tempo de traballo realizado na explotación e teñen en conta a ocupación principal ou outros termos similares, son posibles interpretacións do fenómeno da ATP onde se inclúen os empresarios agrícolas que só realizan unha xestión (no traballo físico) das súas explotacións.

Por outro lado, nos criterios baseados na orixe de rendas, pódese distinguir, dentro do conxunto de rendas orixinadas no exterior da explotación, as rendas de traballo e as procedentes doutras fontes, como son as pensións, xubilacións, rendas de propiedade, etc.

En todo este conxunto de alternativas podemos realizar outra distinción máis se temos en conta o obxecto da análise. Así, distinguimos aqueles criterios que se ocupan da familia agrícola: ¿cales dos seus membros traballan fóra da explotación?, ¿durante canto tempo?, ¿que rendas obteñen?, etc., daqueles que se ocupan de analizar se a explotación é ou non é capaz de proporcionar pleno emprego cando menos a unha unidade de traballo agrícola.

Outro problema que hai que ter en conta na delimitación da ATP será a determinación dos valores fronteira, isto é, decidir a partir de qué número de días traballados fóra da explotación ou de qué porcentaxe de renda orixinada no exterior dela é considerada a tempo parcial (familia ou explotación).

Krasovec (1964) considera o obreiro campesiño como unha situación laboral de transición e mantén que a ATP pode contribuír a unha mellor distribución da renda nacional e a unha mellor utilización dos recursos humanos, sinalando que poden considerarse tres tipos de agricultores a tempo parcial: os que son o resultado do proceso histórico de desintegración do campesiño ou agricultor (*peasant or farmer*); aqueles que, pola contra, derivan dun proceso de volta á terra; e os propietarios de parcelas individuais e gando xunto coas explotacións colectivas.

É a partir desta distinción básica e da utilización conxunta de indicadores referentes ós niveis de rendas dos agricultores ou das súas familias dende onde debe abordarse o estudo do fenómeno da ATP, cando menos nos países capitalistas industrializados. Así, a ATP "anglosaxona" estaría caracterizada pola presenza de ámbolos dous procesos como xeradores de situacións de dobre actividade tanto en Gran Bretaña coma nos Estados Unidos. Pola contra, o "modelo europeo continental" caracterizaríase polo predominio de situacións creadas polo primeiro proceso, é dicir, o de saída da agricultura como resultado do proceso histórico de desintegración do campesiño ou agricultor. A situación do Xapón estaría máis próxima a este último modelo.

Delimítanse así dous procesos que orixinan situacións de natureza completamente distinta, debendo realizarse o seu estudo de forma independente, aínda que todas estas situacións poden quedar incluídas dentro da denominación estatística de "agricultura a tempo parcial".

Este proceso de saída de poboación da agricultura e as situacións de alternancia que este xera é dominante na agricultura europea e débese á crise dos sistemas agrarios tradicionais, baseados no predominio de pequenas explotacións familiares, que leva á necesidade da familia agrícola de mellora-lo seu nivel de rendas deteriorado polos procesos de crecemento económico e industrialización. Esta deterioración xunto coas transformacións experimentadas nos hábitos de consumo da poboación rural, incide tamén na crise do sistema e na necesidade de aumenta-las rendas.

A ATP ten unha grande influencia tanto no emprego agrario coma no extra-agrario, xa que o agricultor que dedica parte do seu traballo a obter rendas fóra da súa explotación está interferindo na masa laboral da industria ou dos servicios, e non abandona ese posto de traballo no medio rural. As principais circunstancias que desencadean este fenómeno podémolas dividir en dous grandes bloques:

◆ *Respecto da explotación:*

- a) Dimensión económica reducida desta con respecto á capacidade de traballo.
- b) Incapacidade de ampliar esa dimensión económica ou de aumenta-la súa intensidade de produción.
- c) Proximidade a zonas industriais de gran poboación, etc., de absorción de man de obra.
- d) Melloras nas vías e medios de comunicación ata eses centros de absorción.

◆ *Respecto do empresario:*

- a) Necesidade familiar de aumenta-las rendas salariais.
- b) Inconformismo coa súa situación socioeconómica.
- c) Condicións subxectivas que predispoñen cara a un cambio de actividade.
- d) Non renunciar ó seu status sociolóxico rural.

Esta heteroxeneidade levou a moitos autores ó establecemento de tipoloxías moi diversas. Fuguitt (1961) obtén noventa categorías de agricultores a tempo parcial en función de diversas clases de ocupacións pasadas, presentes e futuras deles. Badouin (1971) establece tres tipos: a ATP propiamente dita (realización simultánea de dúas actividades), a de *hobby* (consistente na realización dunha actividade por *hobby*), e a agricultura dos xubilados. Non obstante, apréciase un punto común: a distinción entre a alternancia por necesidade e por *hobby*. Xógase nestas distincións con dous elementos; por un lado, o nivel de rendas e, polo outro, a orixe do fenómeno.

A ATP é a combinación por parte da familia de agricultores da actividade productiva agraria con actividades laborais externas á explotación, que dan lugar a unha infinidade de combinacións nas actividades, polo que a pesar da cantidade de estudos existentes a nivel internacional, non existe un acordo firme sobre unha definición da ATP. No que si existe acordo é en establece-los criterios básicos que se

utilizan para defini-la ATP. Estes son: a través da proporción de ingresos que o xefe da explotación (e/ou familia) obteñen de cada actividade; pola distribución do traballo, xa sexa do xefe da explotación ou dalgún membro da súa familia, entrámbalas dúas actividades; e ámbolos dous criterios conxuntamente considerados.

Segundo o primeiro criterio, considérase unha explotación de ATP cando os ingresos externos rebanan nunha certa proporción os ingresos totais familiares (xeralmente, o 50%), aínda que en Italia, na Lei 153 de 9 de maio de 1975, esta porcentaxe se eleva a 2/3. Así mesmo, se a metade do tempo da actividade laboral se exerce fóra da explotación, esta cualificaríase de ATP segundo o criterio de tempos de traballo (en Italia, a lei antes mencionada aplícase igual para o traballo). Sen embargo, ante a ausencia de datos específicos sobre o tema, sustenta a súa análise nos rexistros de inscrición dos membros das familias agrícolas nas "Casas Mutuas" (Mutualidades Agrarias) que relacionan cos datos xerais sobre o número de explotacións obtidos nos Censos agrarios. Establecen así unha división de explotacións: *exclusivas* (aquelas nas que tódolos membros da familia en idade activa están inscritos na Mutualidade Agraria); *parciais* (cando polo menos un membro non está inscrito na Mutualidade Agraria); *accesorias* (cando ningún membro da familia titular está inscrito na Mutualidade Agraria). Pero o feito de que os distintos membros da familia estean inscritos na Mutualidade Agraria non asegura que se dediquen exclusivamente ó traballo da explotación, polo que este criterio é bastante limitado.

Outros países, como Polonia e Suecia, baséanse en criterios de indicadores de rendas para defini-la ATP.

Se atendemos a criterios que só detallan os tempos de traballo dedicados á explotación, sen especificar se existen ou non actividades externas, pódense englobar nunha mesma categoría situacións de alternancia e de subemprego agrícola, como é o caso, por exemplo, do criterio utilizado en Inglaterra e en Gales, que consideran como explotacións a tempo parcial aquelas que non absorben máis de 275 xornadas de traballo ó ano, mentres que Escocia toma 250 xornadas de traballo ó ano e Irlanda do Norte só 200. O número de xornadas de traballo dedicadas polo agricultor á súa explotación ou a outras ocupacións é o factor determinante en Canadá e en Finlandia, así como nos Estados Unidos. En Canadá, un agricultor que traballe ata 25 días ó ano no exterior da explotación é considerado como un agricultor a tempo pleno, mentres que nos Estados Unidos e en Finlandia, así como nos Países Baixos, os agricultores a tempo pleno traballan unicamente na explotación. Cando o número de xornadas de traballo dedicadas a ocupacións non agrícolas é superior a 100 (caso dos EE.UU.), 126 (como en Canadá) e máis de 150 (en Finlandia) consideran ó agricultor a tempo parcial.

En Irlanda, os agricultores a tempo parcial están asimilados xeralmente a agricultores con rendas escasas que teñen outra ocupación, xeralmente a principal, fóra da agricultura. Segue criterios baseados na ocupación do titular, como Holanda e Noruega.

En Austria, as definicións sobre a ATP foron modificadas e renovadas; de acordo coas definicións recollidas en 1970, o agricultor e a súa muller debían dedicar ó mes o 90% do seu tempo á explotación para seren considerados como agricultores a tempo pleno.

En Austria (OCDE, 1978) faise a diferenciación de ATP con ou sen predominio agrícola da agricultura a tempo completo; o cal parece unha matización quizais excesiva, sobre todo se nos detemos no criterio que seguen para a súa clasificación: o empresario agricultor que traballa fóra da súa explotación menos do 10% do seu traballo considérase agricultor a tempo completo; o empresario agrícola que traballa entre un 10% e un 50% fóra da súa explotación é considerado agricultor a tempo parcial con predominio agrícola (categoría I); o empresario agrícola que traballa fóra da súa explotación o 50% ou máis do seu tempo de traballo é considerado agricultor a tempo parcial sen predominio agrícola (categoría II). Segundo isto, o agricultor a tempo completo e o da categoría I poden considerarse nun só grupo, en tanto que traballa máis do 50% na súa explotación. Este grupo coincidiría co primeiro para o caso de España segundo o Censo agrario, así como o grupo da categoría II coincidiría co segundo grupo.

Cabe apuntar a favor deste criterio que, ó predomina-la pequena explotación neste segundo grupo, é obvio que a súa dedicación de tempo ó exterior debe ser maior ca no caso de ter un terreo que lle absorbera maior tempo de traballo. Por outro lado, nos grandes terreos que poidan realizar ATP (que caerían dentro do grupo do 10%), aínda que exista o traballo familiar, é máis difícil precisa-lo seu sentido dado que as actividades de dirección e execución se mesturan, sendo difícil a súa delimitación.

Austria, ó igual ca Alemaña, ofrece unha distinción útil, aínda que un pouco arbitraria, entre os agricultores que, tendo unha dobre actividade, a agricultura constitúe a actividade principal, "explotacións predominantemente agrícolas" e aqueles para os que a agricultura constitúe unha actividade complementaria, "explotacións predominantemente non agrícolas". Deste modo, a maior parte das explotacións a tempo parcial predominantemente agrícolas conservan o carácter de explotacións a tempo pleno no que concirne ó comportamento do agricultor, ó modo de aproveitamento dunha explotación, etc. son en certos casos categorías das explotacións a tempo pleno baixo a rúbrica de "explotacións con predominancia agrícola".

A análise da ATP en Francia aparece condicionada pola escaseza de información estatística sobre as rendas agrarias e, polo contrario, as estatísticas proporcionan unha detallada información sobre as actividades e os niveis de emprego dos membros das familias agrarias, que permite estudia-lo fenómeno a partir da clasificación das explotacións da forma seguinte:

- a) Pleno exercicio en sentido estricto: O xefe da explotación desenvolve o seu traballo a tempo completo nela, mentres que os restantes membros da familia non desenvolven ningunha actividade exterior.

- b) Pleno exercicio con actividade exterior: O xefe da explotación desenvolve o seu traballo a tempo completo nela, e existe a presenza dunha actividade externa, cando menos, dalgún outro membro da familia.
- c) Subemprego en sentido estricto: O xefe da explotación non traballa a tempo completo nela e nin el nin outro membro da familia desenvolven actividade exterior ningunha.
- d) Subemprego con actividade exterior: O xefe da explotación non traballa a tempo completo nela nin desenvolve ningunha actividade exterior, pero hai presenza dunha actividade exterior, cando menos, dalgún outro membro da familia.
- e) Dobre actividade unicamente do xefe: Só o xefe da explotación ten unha actividade exterior a ela.
- f) Dobre actividade en varios membros: Tanto o xefe da explotación como algún membro da súa familia desenvolven unha actividade exterior á explotación.

A *Encuesta de renta agraria de España* realizada polo INE en 1965, que abordaba o tema utilizando criterios de rendas, non tivo continuidade e no Censo agrario de 1972 aparece unha única referencia ó fenómeno na pregunta que se fai ós xefes de explotación sobre se tiñan a súa ocupación principal (máis do 50% do tempo de traballo) na explotación ou fóra dela.

En Noruega, un agricultor é a tempo pleno cando no ten ningunha ocupación externa ou non obtén ningún beneficio proveniente de fontes non agrícolas. Noutros países, os agricultores a tempo pleno poden realizar algunha actividade non agrícola.

O Xapón traballa tamén co criterio de rendas das explotacións, pero toma como obxecto de análise a familia agrícola. Consideran "familias de agricultores a tempo parcial" aquelas ás que só esixen que un membro da familia teña ocupación externa. Á súa vez, distinguen dentro deste grupo as categorías I e II, segundo que a renda obtida da explotación exceda á orixinada no exterior ou viceversa.

As explotacións a tempo parcial da categoría II obteñen máis da metade da súa renda total de actividades non agrícolas, mentres que as explotacións de categoría I serán as explotacións a tempo parcial con predominancia agrícola, que constitúen un grupo intermedio e viven principalmente do cultivo sen ser consideradas como explotacións a tempo pleno. Consideran "explotacións a tempo pleno" aquelas nas que ningún membro do fogar realiza traballos externos á explotación (por exemplo, traballar máis de 30 días ó ano fóra da explotación ou gañar máis de 100 dólares ó ano nunha actividade externa á explotación).

Na República Federal Alemana utilizaban conxuntamente criterios de reparto do tempo de traballo do xefe da explotación, de orixe de rendas (externas-inter-nas) e comparación da renda que proporciona a explotación coa "renda estándar" dela (entendendo por esta aquela que se establece para cada tipo de explotación en función das estruturas de produción: dimensión, aproveitamentos, etc.). Así, establecen unha primeira clasificación do conxunto de explotacións:

- a) Explotacións nas que a agricultura é a ocupación principal: O xefe da explotación dedícallo 50% ou máis do seu tempo de traballo e/ou, cando menos, o 50% da renda total da familia é orixinada na explotación.
- b) Aqueloutras explotacións nas que a agricultura é unha actividade secundaria ou "explotacións a tempo parcial con predominio non agrícola": Estas cumpren, á vez, dúas condicións: que o xefe da explotación lle dedicará a ela unha cantidade inferior ó 50% do seu tempo de traballo, e que a importancia das rendas externas sexa superior ó 50% da renda total familiar.

Dentro das explotacións nas que a agricultura é a ocupación principal pódense considerar varios subtipos:

- a) As explotacións a "tempo completo" ou "renda exclusivamente agrícola": As rendas externas non superan un 10% do total da renda familiar (ou 2.000 DM) e proporcionan unhas rendas que, cando menos, igualan as rendas estándar do seu correspondente "tipo de explotación".
- b) As explotacións "non rendibles", con rendas inferiores á estándar, pero non substancialmente complementadas con rendas externas.
- c) As explotacións a tempo parcial con predominio agrícola: A renda da explotación non alcanza a estándar, pero complétase con rendas exteriores que supoñen máis do 10% da renda total familiar (ou máis de 2.000 DM), pero sen alcanza-lo 50% desta. Ou tamén, aquelas nas que o xefe da explotación lle dedica máis do 50% do seu tempo de traballo.

Dentro das explotacións a tempo parcial con predominio non agrícola, Werschitzky diferencia entre as "propriadamente complementarias" e aquelas "para o tempo libre", que se caracterizan por necesitar menores tempos de traballo ó prescindiren de producións máis esixentes (como o gando bovino). Nesta clasificación as estatísticas alemáns exclúen ás explotacións menores de 0,5 ha, que consideran "casas de campo".

Nos Estados Unidos, a definición da ATP é unha das máis completas, combinando varios indicadores de tempos de traballo e de rendas e é froito da abundante información estatística dispoñible sobre a agricultura neste país. O censo de 1959 definía as explotacións a tempo parcial como as que cumpriran simultaneamente que o volume total de vendas da explotación estivera comprendido entre 50 e 2.499 dólares; que o xefe da explotación tivera menos de sesenta e cinco anos; e que este fixera 100 ou máis xornadas de traballo fóra da explotación e/ou a renda percibida por el e os membros da familia fora maior có valor total das vendas da explotación.

O censo de 1964 suprimiu o segundo termo da alternativa nesta terceira condición. As explotacións de xubilados quedan explicitamente diferenciadas daquelas "a tempo parcial" e son agrupadas noutra categoría, as *part-retirement*, definidas

como aquelas cun xefe de sesenta e cinco ou máis anos e mantendo o estrato de volume de vendas entre 50 e 2.499 dólares.

Pola súa parte, o artigo 3 da Directiva 72/159 da CEE, ó sinalar que as súas axudas irían destinadas a aqueles empresarios agrarios que exerzan a súa actividade a título principal, sinala como condición para seren considerados como tales que "*a renda agraria sexa igual ou superior ó 50% da renda total do empresario agrario e que o tempo de traballo dedicado á actividade exterior sexa inferior á metade do tempo de traballo do empresario agrario*".

A OCDE no seu informe de 1978, despois de explica-la dificultade de atopar unha definición de ATP e tomando en consideración as diversas definicións utilizadas en distintos países, divide as explotacións en dúas grandes categorías:

- 1) Explotacións de predominio agrícola: O titular da explotación ou os membros da súa familia dedican máis da metade do seu tempo de traballo á explotación e onde máis da metade dos ingresos familiares provén da agricultura. Distingue entre "explotacións a tempo pleno" (nas que se poden incluír explotacións que realizan certos traballos non agrícolas cando estes non superan unha certa porcentaxe do tempo de traballo total (o 10%)) e as "explotacións a tempo parcial de predominio agrícola" (aquelas explotacións que viven principalmente da agricultura sen ser das de a tempo pleno).
- 2) Explotacións de predominio no agrícola: Aquelas nas que máis da metade do tempo de traballo se dedica a actividades non agrícolas e máis da metade dos seus ingresos proveñen de fontes non agrícolas.

Á hora de defini-la ATP, ademais do problema da ambigüidade de criterios que aplicar (ingresos ou tempos de traballo), fórmulase outro adicional: ¿é sobre o titular da explotación ou sobre a familia onde se aplican estes criterios? Das definicións anteriores dedúcese que para a OCDE a unidade de análise é a familia —o titular da explotación ou os membros da súa familia—, pero para a CEE a unidade é o empresario agrario. Nos EE.UU. e Francia utilizan ó titular como unidade mentres que nos demais países occidentais e no Xapón utilizan á familia como base para a definición. Sobre este punto vemos que tampouco hai un acordo que permita unha definición xeralmente aceptada.

Miren Etxezarreta (1985), na súa busca dunha definición de ATP, adopta o criterio do traballo dedicado a cada actividade como elemento básico de distinción entre ATP e dedicación plena. Algunhas das razóns que apunta son as seguintes:

- a) Falta de datos fidedignos sobre a renda agraria, o que non permite utilizar este criterio como base de distinción.
- b) O criterio dos ingresos pode levar a confundir a agricultores de dobre actividade con certo tipo de empresarios agrarios que non prestan actividade directa no sector.

- c) Seguindo o criterio dos ingresos, podería considerarse ATP a aquelas familias nas que o titular da explotación fose agricultor e traballasen no exterior as chamadas "axudas familiares".
- d) A renda pode levarnos a confundir explotacións agrarias que gozan doutros ingresos —pensións de xubilación, remesas de emigrados, etc.— con aquelas que perciben estes ingresos provenientes da actividade laboral dos membros da familia que conviven nela.

Así chega ó outro aspecto que cómpre ter en conta á hora de establecer unha definición de ATP: a unidade da análise (familia ou titular da explotación). Considera unha solución híbrida tendo en conta a organización social da familia agraria española na actualidade. Antes de aplica-lo criterio da ATP familiar, habería que decidir primeiro se a familia é tradicional ou moderna. Familia tradicional é a que constitúe unha unidade estricte de decisións e organización, mentres que a familia moderna se correspondería coa actual familia (os fillos que, traballando fóra, conviven coa familia serán considerados como "axudas familiares", que poden ser importantes en certos momentos pero secundarios á hora da organización da explotación). Por iso, considera que o criterio máis acertado para a definición da ATP é a actividade externa do titular, xa que a dos fillos é limitada á hora da organización e economía da explotación.

Etxezarreta (1985) define a ATP como aquela que *"operada por el trabajo del jefe de la explotación y de su familia, ni éste ni ningún miembro en edad activa de la unidad familiar dedica toda su actividad laboral a la explotación, no se dedica exclusivamente a ella"...* "consideramos al campesino como el pequeño productor, de marcada orientación al autoconsumo, que con la ayuda familiar (o escasa colaboración de asalariados) obtiene e intercambia un pequeño excedente". Analizando esta consideración en termos de traballo vivo (forza de traballo) e traballo morto, tamén denominado traballo acumulado ou medios de produción producidos, podemos diferenciar: o campesiño (aquele que incorpora máis traballo vivo sobre medios de produción) e o agricultor (incorpora máis medios de produción sobre a forza de traballo).

Outra diferenciación para esta dualidade campesiño-agricultor podémola atopar no carácter da súa produción: o campesiño lévaa a cabo para a obtención de valores de uso, mentres que o agricultor busca valores de cambio.

Esta definición é substancialmente similar á do Censo agrario de España de 1972 para a ocupación principal non agraria, xa que ámbalas dúas se basean no traballo do titular. Sen embargo, pódense apreciar diferencias en dous aspectos: para Etxezarreta (1985), unha explotación na que o fillo do titular traballe en exclusiva na explotación mentres que o pai traballe fóra non sería considerada ATP, mentres que para o Censo si; outra diferenza é que no Censo se esixe que a metade, polo menos, do tempo de traballo sexa no exterior, mentres que segundo esta definición non delimita o tempo.

Unha vez recollidos os diversos conceptos e consideracións que sobre a ATP se realizan de acordo cos criterios existentes, asáltanos unha pregunta: ¿que tipo de actividades externas levan a cabo os agricultores a tempo parcial? A súa resposta permitiríanos coñecer-la natureza da ATP e establecer tipoloxías ó respecto.

En España, a ATP é unha actividade exercida por traballadores manuais e niveis similares, con algúns administrativos en xeral de niveis inferiores, e algunhas excepcións de niveis medios na escala laboral. En resumo, os agricultores a tempo parcial son "obreiros-campesíños", segundo a terminoloxía francesa, ou "proprietarios-proletarios", utilizando a expresión de López-Suevos (1975).

En Francia, trátase de obreiros, artesáns, pequenos comerciantes e outros traballadores independentes de status similar; outros desenvolven a súa actividade como asalariados agrícolas e, en menor medida, algúns en profesións liberais (de cadros superiores). En Italia, nos EE.UU. e no Xapón desenvolven actividades de asalariados na industria e nos servicios e, unha porcentaxe menor, en actividades agrícolas. Por citar algúns exemplos, sen embargo, a pouca homoxeneidade nos datos dificulta as comparacións internacionais. Barberis (1969) neste sentido é concluínte cando afirma que a estrutura da ocupación é moi diferente nos países anglosaxóns e na Europa continental.

Sen embargo, hoxe en día podemos constatar que esta idea de que a ATP podía contribuír a unha mellor distribución da renda non se conseguiu e a ATP pode verse como unha forma de alonga-lo proceso de desaparición das pequenas explotacións familiares ou como unha forma de organización social, que permitirá a subsistencia das pequenas unidades de produción familiares de forma permanente.

Actualmente, podemos atoparnos con diversos tipos de ATP: aquela que poderíamos denominar "preindustrial" (en certas rexións non hai traballos non agrícolas apropiados e os agricultores que queren exercer un emprego a tempo completo teñen que conformarse con empregos tradicionais ou ocasionais mal remunerados. Este tipo de ATP foi substituída en parte pola emigración. Pode detectarse en comunidades autónomas como Andalucía ou Galicia) e a ATP "industrial" (combina a agricultura cun emprego permanente na industria ou nos servicios. Este tipo non é tanto unha ATP de supervivencia como a anterior).

A ATP leva consigo unha busca de maiores ingresos que permitan a reprodución da familia e a explotación familiar. De acordo con isto, podemos dar unha definición aproximada do fenómeno: a ATP consiste na combinación nunha familia da actividade laboral na explotación agraria familiar con outras actividades externas a aquelas, sexan agrarias ou non.

Tendo en conta esta definición, ¿pódense considerar como ATP aquelas explotacións nas que o titular da explotación é un empresario con outra profesión que dirixe a súa leira en visitas máis ou menos regulares a ela e operando con man de obra asalariada ou a orixinada por traballadores industriais que inician unha actividade agraria? Cremos que non, xa que na ATP atopamos como característica máis relevante a simultaneidade do traballo directo na explotación agraria familiar

con outras actividades externas. É froito da adaptación microeconómica a condicións económicas cambiantes (melloras tecnolóxicas, evolución nos transportes, etc.) e, aínda que se localiza dentro do sector agrícola, depende esencialmente de factores externos á agricultura.

Desta forma, a agricultura moderna esquécese do aproveitamento dos ciclos biolóxicos e do reemprego e baséase nos intercambios, o uso de técnicas duras ou o emprego de enerxía non renovable e a aplicación intensiva e indiscriminada do capital. Os novos métodos aumentan a produtividade e os rendementos, pero converten a actividade agraria nun sector altamente dependente e sometido sen paliativos ós vaivéns do mercado. O vértice productivo derivado destas formulacións non afecta a tódalas empresas agrarias por igual. Ante semellante complexo productivo, a explotación familiar, que non utiliza man de obra asalariada e que de forma ordinaria adoita coincidir co que coñecemos como minifundio, permanece nese estadío intermedio no que debe conformarse con monetarizalas súas mercadorías no mercado. As pequenas explotacións familiares non poden facer fronte ás novas esixencias productivas e, polo tanto, ven ameazada a súa continuidade.

O auxe da industria agroalimentaria, cada vez máis penetrada polo capital transnacional, relega a explotación familiar a un papel secundario, converténdoa en simple abastecedora da industria transformadora, non producindo bens finais e quedando excluída da revalorización que supón a elaboración e comercialización dos produtos. Se ó anterior unímo-lo feito de que na primeira metade dos anos setenta a crise enerxética progresivamente desencadeou consecuencias concluíntes, conxuntamente co incremento imparabile dos prezos dos insumos adquiridos fóra do sector agrario e a cotización moderada dos produtos agropecuarios, constitúese un binomio agobiante para as rendas que obter nas explotacións familiares ou a tempo parcial, provocando unha aguda descapitalización, obrigando ós campesiños a solicitar créditos que deben devolver con xuros altísimos e que os somen nun círculo vicioso de difícil solución.

A perspectiva da liberalización dos mercados e da eliminación das axudas oficiais á produción agropecuaria, aspectos estes auspiciados polos Estados Unidos no marco do GATT, contribuíron a incrementalo pesimismo, dado que é coñecido que o sector agrario europeo se basea na explotación familiar e que ten unha carga social moi importante, mentres que no estadounidense e no doutros países (a diferenza de España) predominan as grandes empresas. Esta diferenza de modelos fai que a agricultura europea sexa menos competitiva, pero isto non significa que sexa menos eficaz.

A explotación familiar pode ser productiva e rendible se dispón de dimensións óptimas e do apoio do Estado en forma de subvencións ou créditos brandos para adquirir tecnoloxía. Sen embargo, a distancia que separa ó sector agropecuario europeo do español, e tamén do galego, é aínda considerable, de forma que as nosas explotacións familiares teñen un futuro inzado de duros axustes, no que os menos competitivos desaparecerán irremediabilmente, agás que se integren nas cadeas

productivas das empresas máis prósperas do sector, como sucede dende as últimas décadas, ou que se decidan polo desenvolvemento do cooperativismo.

TRABALLO A TEMPO PARCIAL SEGUNDO OS CENSOS AGRARIOS EN ESPAÑA E GALICIA

FORMULACIÓN XERAL

Existen grandes dificultades no ámbito internacional para establecer unha única definición da ATP; sen embargo, pódense destacar dous criterios que prevalecen como principais: o criterio renda e o criterio tempo.

En España, os primeiros datos que recollen a existencia da ATP proceden dunha investigación realizada polo Instituto Nacional de Estatística e o Censo agrario de 1972 (CA72), aínda que os censos posteriores tamén nos proporcionan datos ó respecto.

A investigación á que fixemos referencia realizouse en 1965, baseada nunha enquisa cun deseño que correu a cargo do profesor D. Luis Ruíz-Maya Pérez (doutor enxeñeiro agrónomo) e D. José Manuel Naredo (Naredo, 1971, pp. 87 e ss.). Con este estudo pretendían adapta-lo criterio dos ingresos á análise da ATP en España en 1965, determinando a súa procedencia extra ou intraagrícola, e constataron que o 77% dos ingresos que perciben as explotacións menores de 5 ha proceden do exterior da súa explotación, tendo en conta que só se computan os ingresos exteriores cando se simultanean con actividades dentro da explotación. Esta forma de consideralo servía para aproximar-los dous criterios de análise: o criterio renda e o criterio tempo.

Outras investigacións ofrecen datos máis ou menos coincidentes coa anteriormente exposta. En 1964, constatouse que de cada cinco explotacións non comerciais, unha explotación se podía clasificar como agrícola a tempo parcial. Aquí amplíanse algo máis os datos, sinalando que as explotacións inferiores a 10 ha perciben rendas extraagrícolas arredor do 50% (Obradors, 1974).

Tomando en consideración o criterio tempo de traballo dedicado á explotación e partindo dos datos que nos ofrecen os CA72, CA82 e CA89 (destacaremos que as diferencias metodolóxicas existentes entre eles dificultan en gran medida tanto a comparación da información que nos ofrecen como o intentar segui-la evolución do fenómeno da ATP a través destes datos), intentaremos ofrecer unha visión aproximada, tanto no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia como no ámbito nacional, aínda que para poder compara-los distintos tipos de traballo se require homoxeneizalos, recorrendo á utilización dunha unidade convencional: as unidades de traballo/ano (UTA).

Os datos do tempo de traballo na explotación exprésanse en número de xornadas completas ou parciais, ou ben en unidades de traballo/ano (UTA). Para o seu cálculo considerouse que, para o traballo asalariado, unha UTA equivale a 275 xornadas completas e, para o non asalariado, a 300 ou máis; en ámbolos dous ca-

sos unha xornada parcial computouse como a metade dunha completa (para Galicia é practicamente insignificante a participación do traballo asalariado na explotación; polo que consideraremos como traballo a tempo parcial para o non asalariado aquel que lle dedica 150 xornadas ou máis ó ano).

Outro aspecto que compre ter en conta é o tipo de alternancia: individual ou colectiva. No CA72 faise referencia á individual —xefe de explotación—, mentres que a información que nos subministran os CA82 e CA89 consideran a alternancia colectiva, é dicir, engloban tamén ás axudas familiares. Isto non é exclusivo do noso país¹, a meirande parte das estatísticas nacionais, agás do Xapón e Francia, só consideran os activos masculinos ou os xefes de explotación facendo caso omiso dos activos femininos ou dos rendistas, o que restrinxe o concepto mesmo de ATP, xa que se baseamos a renda exterior na explotación como unha complementariedade, a dos activos familiares (xeralmente máis novos) pode ser suficientemente importante, de forma que pode modificar totalmente a estrutura do ingreso de toda a explotación.

Consideramos que o criterio da alternancia permite determina-lo tempo de traballo dedicado á explotación e o dedicado a outra actividade externa a ela, para delimita-la ATP. En contraposición, os criterios que utilizan a renda como base poden englobar neles mesmos a alternancia familiar e a individual, o que supón considera-la explotación coma unha entidade individual.

Así, a ATP pode conceptualizarse como a forma de organización agrícola pola cal o xefe de explotación e/ou a súa familia alternan os traballos propios da explotación con outros fóra dela, sempre que estes sexan remunerados e que o tempo de traballo dedicado á explotación sexa inferior ó 50% do seu tempo de traballo.

Podemos dicir que esta definición se adhire á de países como os Estados Unidos, Canadá, Finlandia e Gran Bretaña, xa que tamén utilizan o criterio tempo e parten da información que lles proporcionan os seus censos para delimitala.

A ATP SEGUNDO O CA72. RESULTADOS CUANTITATIVOS

Para poder realizar cun certo rigor unha análise da ATP, intentaremos, a través do CA72, dar unha idea aproximada da súa importancia tanto no ámbito nacional como da comunidade galega. Partindo do criterio tempo de traballo para o empresario agrario, considérase agricultor a tempo parcial aquel que traballa fóra da explotación máis do 50% do seu tempo de traballo.

Segundo o CA72, de acordo cos resumos nacionais e provinciais, podemos constatar que a ATP en España se sitúa nun índice do 48,1% con respecto ó total; mentres que para Galicia a porcentaxe é practicamente a metade do nacional

¹ Países que consideran a alternancia individual: Noruega, Italia, Irlanda, Austria, Irlanda do Norte, Grecia, Iugoslavia, Gran Bretaña, Turquía e Checoslovaquia, *Revista Consejo Económico Sindical Nacional*, 362, (setembro, 1971), (Serie Documentación Económica).

(27,5%), representando un 8,7% o número de empresarios a tempo parcial en Galicia dentro dos empresarios a tempo parcial en España.

Na táboa 1 podemos ver como a agricultura a tempo completo (51,9%) se corresponde cunha maior superficie ocupada (64,6%) en contraposición coa ocupada pola ATP (35,4%), manifestándose a ATP de forma predominante na pequena e mediana explotación.

Táboa 1.- Empresarios segundo a actividade e superficie utilizada. CA72

| Categoría socioeconómica das explotacións | Empresario | | Superficie | | Sup. media |
|---|------------|-------|------------|-------|------------|
| | Núm. | % | ha | % | ha |
| ESPAÑA | 2.473.641 | 100,0 | 29.660.648 | 100,0 | 11,99 |
| A tempo completo* | 1.285.433 | 51,9 | 19.149.606 | 64,6 | 14,89 |
| A tempo parcial | 1.188.208 | 48,1 | 10.511.042 | 35,4 | 8,84 |
| GALICIA | 376.302 | 100,0 | 1.510.898 | 100,0 | 4,02 |
| A tempo completo* | 272.830 | 72,5 | 1.274.336 | 84,3 | 4,67 |
| A tempo parcial | 103.472 | 27,5 | 236.562 | 15,7 | 2,29 |

* Considéranse aqueles empresarios que dedican á súa explotación máis da metade do seu tempo de traballo, o que non impide que dentro deste grupo exista algún que teña actividade exterior.

FONTE: Elaboración propia a partir do CA de España de 1971. Madrid: INE.

Nas táboas 2 e 3 aparece recollido o valor absoluto e o relativo da ATP e a agricultura a tempo completo segundo o tamaño das explotacións, para Galicia e para España.

Táboa 2.- Empresarios agrarios por actividade segundo a dimensión da explotación. Galicia

| Tamaño das explot. (hectáreas) | A tempo completo | | | |
|--------------------------------|------------------|-------|------------|-------|
| | Núm. empres. | % | Superficie | % |
| Explot. sen terras | 257 | 0,09 | | |
| De 0,1 a < 5 | 187.942 | 68,89 | 371.521 | 29,15 |
| De 5 a < 20 | 78.178 | 28,65 | 715.435 | 56,14 |
| De 20 a < 50 | 6.149 | 2,25 | 162.434 | 12,75 |
| De 50 a < 100 | 267 | 0,10 | 16.885 | 1,32 |
| De 100 a < 200 | 28 | 0,01 | 3.683 | 0,29 |
| De 200 a < 500 | 6 | | 1.972 | 0,15 |
| Máis de 500 | 3 | | 2.406 | 0,19 |
| TOTAL | 272.830 | 100,0 | 1.274.336 | 100,0 |
| Tamaño das explot. (hectáreas) | A tempo parcial | | | |
| | Núm. empres. | % | Superficie | % |
| Explot. sen terras | 261 | 0,25 | | |
| De 0,1 a < 5 | 93.700 | 90,56 | 103.211 | 43,63 |
| De 5 a < 20 | 8.639 | 8,35 | 75.765 | 32,03 |
| De 20 a < 50 | 747 | 0,72 | 20.586 | 8,70 |
| De 50 a < 100 | 83 | 0,08 | 5.640 | 2,38 |
| De 100 a < 200 | 27 | 0,03 | 3.526 | 1,49 |
| De 200 a < 500 | 8 | | 2.167 | 0,92 |
| Máis de 500 | 7 | | 25.667 | 10,85 |
| TOTAL | 103.472 | 100,0 | 236.562 | 100,0 |

FONTE: Elaboración propia a partir do Censo agrario de España de 1972. Madrid: INE.

Táboa 3- Empresarios agrarios por actividade segundo a dimensión da explotación. España

| Tamaño das explot. (hectáreas) | A tempo completo | | | |
|--------------------------------|------------------|--------------|-------------------|--------------|
| | Núm. empres. | % | Superficie | % |
| Explot. sen terras | 24.202 | 1,88 | | |
| De 0,1 a < 5 | 620.065 | 48,24 | 1.287.966 | 6,73 |
| De 5 a < 20 | 442.073 | 34,39 | 4.420.499 | 23,08 |
| De 20 a < 50 | 132.600 | 10,32 | 4.010.861 | 20,94 |
| De 50 a < 100 | 40.398 | 3,14 | 2.751.766 | 14,37 |
| De 100 a < 200 | 15.951 | 1,24 | 2.152.111 | 11,24 |
| De 200 a < 500 | 7.604 | 0,59 | 2.257.176 | 11,79 |
| Máis de 500 | 2.540 | 0,20 | 2.269.227 | 11,85 |
| TOTAL | 1.285.433 | 100,0 | 19.149.606 | 100,0 |
| Tamaño das explot. (hectáreas) | A tempo parcial | | | |
| | Núm. empres. | % | Superficie | % |
| Explot. sen terras | 20.457 | 1,72 | | |
| De 0,1 a < 5 | 895.125 | 75,33 | 1.305.611 | 12,42 |
| De 5 a < 20 | 200.822 | 16,90 | 1.869.855 | 17,79 |
| De 20 a < 50 | 42.244 | 3,56 | 1.269.777 | 12,08 |
| De 50 a < 100 | 14.095 | 1,19 | 971.533 | 9,24 |
| De 100 a < 200 | 7.730 | 0,65 | 1.064.523 | 10,13 |
| De 200 a < 500 | 5.306 | 0,45 | 1.619.823 | 15,41 |
| Máis de 500 | 2.429 | 0,20 | 2.409.920 | 22,93 |
| TOTAL | 1.188.208 | 100,0 | 10.511.042 | 100,0 |

FONTE: Elaboración propia a partir do Censo agrario de España de 1972. Madrid: INE.

A nivel nacional, o número de empresarios que traballan a tempo parcial na explotación concéntrase principalmente arredor da categoría de 0,1 a 5 ha, sendo o seu valor relativo do 75,33% fronte a un 48,24% correspondente ós que lle dedican á explotación o tempo completo. Esta mesma característica tamén a podemos observar no caso da Comunidade Autónoma de Galicia onde, na categoría de 0,1 a 5 ha, se atopan o 90,56% dos agricultores a tempo parcial; practicamente un 22% máis cós de tempo completo (68,89%), estando o resto (9,4%) repartido entre as demais dimensións.

Nos datos referentes á superficie², apréciase como a medida que aumenta o tamaño das explotacións se reduce o número de empresarios con dedicación a tempo parcial, o que parece indicar que a ATP nas grandes explotacións é menos relevante.

A modo de resumo, podemos resaltar que a nivel nacional os empresarios con dedicación a tempo parcial se concentran principalmente nas explotacións de 0,1 a 5 ha (75,33%) e de 5 a 20 ha (16,90%), situándose a media das explotacións en 8,84 ha (táboa 3), o que representa case a metade da superficie media ocupada polas explotacións a tempo completo (14,89 ha). Pola contra, en Galicia os empresarios a tempo parcial concéntranse principalmente nas explotacións de 0,1 a 5 ha (90,56%) e de 5 a 20 ha (8,35%), atopándose a media das explotacións en 2,29 ha,

² En canto á superficie só faremo-lo comentario para o CA72 posto que nos censos posteriores non figura detallado este dato para empresarios a tempo completo e a tempo parcial.

o que representa case a metade da superficie media ocupada polas explotacións a tempo completo (4,67 ha).

O comportamento a nivel provincial (táboa 4) reflicte que a maior porcentaxe de agricultores a tempo parcial se atopa nas provincias da Coruña (29,78%) e Pontevedra (36,11%), o que se explica polo maior grao de desenvolvemento alcanzado por estas fronte ás outras dúas provincias, Lugo e Ourense, que posúen unha oferta de emprego extraagrícola inferior, orixinada pola súa falta de industrialización.

Por provincias, o peso relativo dos agricultores a tempo parcial dentro da comunidade galega é o seguinte: A Coruña 32,59%, Lugo 14,60%, Ourense 16,77% e Pontevedra 36,04%.

No tocante á dimensión das explotacións (táboa 5) podemos ver que tanto as explotacións a tempo completo como as de tempo parcial non abundan no terreo da grande explotación, o que evidencia que as pequenas explotacións no poden alterna-lo seu tempo de traballo noutras explotacións que, pola súa maior dimensión, puideran necesitar traballo en determinadas épocas do ano.

Nas catro provincias galegas, os agricultores rexistrados como a tempo parcial concéntranse nas explotacións de 0,1 a 5 ha; pero, de igual modo, os agricultores a tempo completo concéntranse nas explotacións de 0,1 a 20 ha. A partir da categoría de 20 a 50 ha, o número de explotacións perde importancia, sendo case nula nalgúns dimensións. Exceptúase a provincia de Ourense, onde aínda que é practicamente mínimo o número de empresarios a tempo parcial na dimensión de 500 e máis ha (só 4), estes posúen o 37,6% da superficie fronte ó 56,9% que posúen os que se atopan na categoría de 0,1 a 20 ha (un total de 17.199 empresarios).

Táboa 4.- Empresarios segundo a actividade e superficie utilizada. 1972

| Categ. socioecon. das explotacións | Empresario | | Superficie | | Sup. media |
|------------------------------------|------------|-------|------------|-------|------------|
| | Núm. | % | ha | % | ha |
| A CORUÑA | 113.259 | 100,0 | 489.369 | 100,0 | 4,32 |
| A tempo completo | 79.534 | 70,22 | 417.109 | 85,23 | 5,24 |
| A tempo parcial | 33.725 | 29,78 | 72.260 | 14,77 | 2,14 |
| LUGO | 78.114 | 100,0 | 520.221 | 100,0 | 6,66 |
| A tempo completo | 63.017 | 80,67 | 461.036 | 88,62 | 7,32 |
| A tempo parcial | 15.097 | 19,33 | 59.185 | 11,38 | 3,92 |
| OURENSE | 81.652 | 100,0 | 295.943 | 100,0 | 3,62 |
| A tempo completo | 64.297 | 78,75 | 233.770 | 78,99 | 3,64 |
| A tempo parcial | 17.355 | 21,25 | 62.173 | 21,01 | 3,58 |
| PONTEVEDRA | 103.277 | 100,0 | 205.365 | 100,0 | 1,99 |
| A tempo completo | 65.982 | 63,89 | 162.421 | 79,09 | 2,46 |
| A tempo parcial | 37.295 | 36,11 | 42.944 | 20,91 | 1,15 |
| GALICIA | 376.302 | 100,0 | 1.510.898 | 100,0 | 4,02 |
| A tempo completo | 272.830 | 72,50 | 1.274.336 | 84,34 | 4,67 |
| A tempo parcial | 103.472 | 27,50 | 236.562 | 15,66 | 2,29 |

FONTE: Elaboración propia a partir do Censo agrario de España de 1972. Madrid: INE.

Táboa 5.- Empresarios agrarios por actividade segundo a dimensión da explotación (en %)

| Tamaño explotacións en hectáreas | A tempo completo | | | | | | | |
|-------------------------------------|------------------|-------|-------|-------|---------|-------|------------|-------|
| | A Coruña | | Lugo | | Ourense | | Pontevedra | |
| | Núm. | ha | Núm. | ha | Núm. | ha | Núm. | ha |
| Explotacións sen terras | 0,06 | | 0,10 | | 0,07 | | 0,15 | |
| De 0,1 a < 5 | 62,94 | 24,84 | 46,67 | 16,36 | 78,26 | 45,44 | 88,13 | 53,10 |
| De 5 a < 20 | 34,38 | 60,82 | 47,97 | 62,80 | 20,55 | 46,25 | 11,20 | 39,45 |
| De 20 a < 50 | 2,48 | 12,48 | 5,01 | 18,23 | 1,10 | 7,61 | 0,48 | 5,25 |
| De 50 a < 100 | 0,13 | 1,57 | 0,22 | 1,87 | 0,02 | 0,38 | 0,02 | 0,50 |
| De 100 a < 200 | 0,01 | 0,29 | 0,03 | 0,46 | | | | 0,22 |
| De 200 a < 500 | | | | 0,27 | | 0,31 | | |
| Máis de 500 | | | | | | | | 1,48 |
| TOTAL | 100,0 | 100,0 | 100,0 | 100,0 | 100,0 | 100,0 | 100,0 | 100,0 |
| Tamaño explotacións en hectáreas | A tempo parcial | | | | | | | |
| | A Coruña | | Lugo | | Ourense | | Pontevedra | |
| | Núm. | ha | Núm. | ha | Núm. | ha | Núm. | ha |
| Explotacións sen terras | 0,21 | | 0,46 | | 0,28 | | 0,20 | |
| De 0,1 a < 5 | 89,67 | 44,21 | 78,08 | 29,78 | 90,76 | 37,54 | 96,32 | 70,56 |
| De 5 a < 20 | 9,12 | 38,12 | 19,04 | 44,02 | 8,34 | 19,36 | 3,33 | 23,59 |
| De 20 a < 50 | 0,85 | 10,99 | 2,05 | 14,51 | 0,56 | 4,14 | 0,14 | 3,45 |
| De 50 a < 100 | 0,11 | 3,40 | 0,26 | 4,37 | 0,02 | 0,43 | 0,01 | 0,77 |
| De 100 a < 200 | 0,04 | 2,61 | 0,07 | 2,39 | 0,01 | 0,37 | | |
| De 200 a < 500 | | 0,67 | 0,03 | 2,27 | | 0,54 | | |
| Máis de 500 | | | 0,01 | 2,66 | 0,02 | 37,61 | | 1,63 |
| TOTAL | 100,0 | 100,0 | 100,0 | 100,0 | 100,0 | 100,0 | 100,0 | 100,0 |

FONTE: Elaboración propia a partir do Censo agrario de 1972. Madrid: INE.

O tamaño medio das explotacións a tempo parcial, na categoría de 0,1 a 5 ha para as catro provincias, —A Coruña (1,06 ha), Lugo (1,49 ha), Ourense (1,48 ha) e Pontevedra (0,84 ha)—, reflicte que a estas explotacións lles sería difícil obter a renda necesaria da soa explotación da súa parcela, polo que necesariamente terán que acceder a un segundo emprego ou optar polo abandono das súas terras.

A porcentaxe da superficie destinada á ATP en Galicia é a seguinte: A Coruña (14,77%), Lugo (11,38%), sendo estas as que revisten menor importancia fronte ó 21,01% e ó 20,91% de Ourense e Pontevedra, respectivamente.

A ATP SEGUNDO OS CA82 E CA89. RESULTADOS CUANTITATIVOS

Os resultados obtidos a través dos CA82 e CA89 recóllense na táboa 6, tanto en valor absoluto como relativo, para o número de empresarios a tempo completo e a tempo parcial existentes nas provincias galegas e para España.

Detéctanse grandes diferencias no número de empresarios a tempo completo, o que repercute nos totais provinciais, e implica que a análise comparativa entre ámbolos dous censos, partindo das diferencias metodolóxicas existentes, non resulte significativa. Unha explicación podería atoparse na clasificación que o CA82 realiza dos empresarios agrarios pola súa actividade económica na súa mención ó termo "outra actividade" (labores do fogar, escolar ou estudante, servizo militar, inactivo a maior parte do ano por idade, desemprego ou outras causas).

Táboa 6.- Empresarios agrarios por actividade. 1982 e 1989

| Categoría socioeconómica das explotacións | Censo agrario 1982 | | Censo agrario 1989 | |
|---|--------------------|-------|--------------------|-------|
| | Núm. | % | Núm. | % |
| A CORUÑA | 78.488 | 100,0 | 103.599 | 100,0 |
| A tempo completo | 56.527 | 72,02 | 83.789 | 80,88 |
| A tempo parcial | 21.961 | 27,98 | 19.810 | 19,12 |
| LUGO | 53.150 | 100,0 | 72.553 | 100,0 |
| A tempo completo | 43.541 | 81,92 | 62.581 | 86,26 |
| A tempo parcial | 9.609 | 18,08 | 9.972 | 13,74 |
| OURENSE | 61.914 | 100,0 | 82.715 | 100,0 |
| A tempo completo | 47.597 | 76,88 | 62.924 | 76,07 |
| A tempo parcial | 14.317 | 23,12 | 19.791 | 23,93 |
| PONTEVEDRA | 69.498 | 100,0 | 92.853 | 100,0 |
| A tempo completo | 41.679 | 59,97 | 67.420 | 72,61 |
| A tempo parcial | 27.819 | 40,03 | 25.433 | 27,39 |
| GALICIA | 263.050 | 100,0 | 351.720 | 100,0 |
| A tempo completo | 189.344 | 71,98 | 276.714 | 78,67 |
| A tempo parcial | 73.706 | 28,02 | 75.006 | 21,33 |
| ESPAÑA | 1.575.364 | 100,0 | 2.238.612 | 100,0 |
| A tempo completo | 807.802 | 51,28 | 1.469.637 | 65,65 |
| A tempo parcial | 767.562 | 48,72 | 768.975 | 34,35 |

FONTE: Elaboración propia a partir dos Censos Agrarios de España de 1982 e 1989. Madrid: INE.

Co obxectivo de recorta-las diferencias existentes entre ámbolos dous censos, confeccionouse a táboa 7, na que se inclúe a categoría "outra actividade" dentro dos empresarios a tempo completo, como parece que podería ter en conta o CA89, adquirindo maior sentido a comparación entre eles.

Na táboa 7 pode observarse o mesmo comportamento na evolución da ATP tanto no ámbito nacional como no da comunidade galega; en ámbolos dous casos, se aprecia un lixeiro aumento no número de empresarios a tempo parcial (no caso de España dun 32,76% a un 34,35% e, no de Galicia, dun 20,61% ó 21,33%), fronte a un descenso no número de empresarios a tempo total. Se calculámo-los índices de variación en tanto por cento con base en 1982 para os empresarios a tempo parcial, estes son do 1,8 no caso de Galicia e do 0,2 para España. A súa evolución a través dos censos foi a que se recolle na táboa 8.

Detéctase unha gran caída do número de empresarios con dedicación a tempo parcial fronte a un aumento nos dedicados a tempo completo no período 1972-1982, o que se explica pola forma na que está realizado o censo.

Analizando a dimensión económica das explotacións para a comunidade galega, móstranos o que se recolle na táboa 9.

Ó igual que sucedía co CA72, os agricultores a tempo parcial seguen concentrándose nas explotacións de menor dimensión, de 0,1 a 5 ha, seguida das de 5 a 20 ha. Esta mesma concentración experimentana tamén os traballadores a tempo completo.

Aínda que non se dispón dos datos de superficie para os empresarios a tempo completo e a tempo parcial de forma detallada, só para o total de empresarios, cabe dicir que esta experimentou unha redución progresiva no que va dende o CA72 ó CA89, pasando de 1.510.898 ha. a 1.314.918 ha, respectivamente.

Táboa 7.- Empresarios agrarios por actividade. 1982 e 1989

| Categorías socioeconómicas das explotacións | Censo agrario 1982 | | Censo agrario 1989 | |
|---|--------------------|-------|--------------------|-------|
| | Núm. | % | Núm. | % |
| A CORUÑA | 104.143 | 100,0 | 103.599 | 100,0 |
| A tempo completo | 82.182 | 78,91 | 83.789 | 80,88 |
| A tempo parcial | 21.961 | 21,09 | 19.810 | 19,12 |
| LUGO | 76.277 | 100,0 | 72.553 | 100,0 |
| A tempo completo | 66.668 | 87,40 | 62.581 | 86,26 |
| A tempo parcial | 9.609 | 12,60 | 9.972 | 13,74 |
| OURENSE | 80.455 | 100,0 | 82.715 | 100,0 |
| A tempo completo | 66.138 | 82,20 | 62.924 | 76,07 |
| A tempo parcial | 14.317 | 17,80 | 19.791 | 23,93 |
| PONTEVEDRA | 96.746 | 100,0 | 92.853 | 100,0 |
| A tempo completo | 69.927 | 71,25 | 67.420 | 72,61 |
| A tempo parcial | 27.819 | 28,75 | 25.433 | 27,39 |
| GALICIA | 357.621 | 100,0 | 351.720 | 100,0 |
| A tempo completo | 283.915 | 79,39 | 276.714 | 78,67 |
| A tempo parcial | 73.706 | 20,61 | 75.006 | 21,33 |
| ESPAÑA | 2.342.926 | 100,0 | 2.238.612 | 100,0 |
| A tempo completo | 1.575.364 | 67,24 | 1.469.637 | 65,65 |
| A tempo parcial | 767.562 | 32,76 | 768.975 | 34,35 |

FONTE: Elaboración propia a partir dos Censos Agrarios de España de 1982 e 1989. Madrid: INE.

Táboa 8.- Empresarios agrarios por actividade

| Categoría socioeconóm. | CA72 | | CA82 | | CA89 | |
|------------------------|-----------|--------|-----------|--------|-----------|--------|
| | Número | % | Número | % | Número | % |
| GALICIA | 376.302 | 100,00 | 357.621 | 100,00 | 351.720 | 100,00 |
| T. compl. | 272.830 | 72,50 | 28.3915 | 79,39 | 276.714 | 78,67 |
| T. parc. | 103.472 | 27,50 | 73.706 | 20,61 | 75.006 | 21,33 |
| ESPAÑA | 2.473.641 | 100,00 | 2.342.926 | 100,00 | 2.238.612 | 100,00 |
| T. compl. | 1.285.433 | 51,90 | 1.575.364 | 67,24 | 1.469.637 | 65,65 |
| T. parc. | 1.188.208 | 48,10 | 767.562 | 32,76 | 768.975 | 34,35 |

FONTE: Elaboración propia a partir dos CA72, CA82 e CA89. INE.

Táboa 9.- Empresarios agrarios por actividade segundo a dimensión da explotación

| Tamaño explot. (hectáreas) | CA82 | | CA89 | |
|--------------------------------|--------|--------|--------|--------|
| | Número | % | Número | % |
| <i>Explotacións sen terras</i> | 394 | 0,53 | 76 | 0,10 |
| De 0,1 a < 5 | 66.029 | 89,58 | 67.108 | 89,47 |
| De 5 a < 20 | 6.544 | 8,88 | 7.110 | 9,48 |
| De 20 a < 50 | 592 | 0,80 | 616 | 0,82 |
| De 50 a < 100 | 98 | 0,13 | 70 | 0,09 |
| De 100 a < 200 | 24 | 0,03 | 17 | 0,02 |
| De 200 a < 500 | 18 | 0,02 | 6 | |
| De 500 e máis | 7 | | 3 | |
| TOTAL GALICIA | 73.706 | 100,00 | 75.006 | 100,00 |

FONTE: Elaboración propia a partir dos CA82 e CA89. INE.

Polo que respecta á distribución dos empresarios a tempo parcial por provincias dentro da comunidade galega, podemos dicir que neste período intercensal (1982-89) experimentaron un descenso nas provincias da Coruña e Pontevedra, mentres que se incrementou a súa participación nas outras dúas provincias, Lugo e Ourense. En todas elas, os empresarios a tempo parcial concéntranse nas explotacións de menor dimensión, é dicir, de 0,1 a 20 ha pero, sobre todo, nas de 0,1 a 5 ha.

No que á provincia da Coruña se refire, a diminución do número de empresarios a tempo parcial tivo lugar en tódalas explotacións por igual conforme ó tamaño delas. Este mesmo comportamento verifícase na provincia de Pontevedra, aínda que nesta se observa un incremento da súa participación nas de maior dimensión, a partir das 200 has. (táboa 10). Sen embargo, na provincia de Ourense, o número de empresarios agrarios a tempo parcial aumentou nas explotacións de dimensión comprendida entre 0,1 a 50 ha, e viuse reducida a súa presenza nas de maior extensión.

En Lugo, tamén se observa algo parecido, pois incrementan o seu número nas que van dende 5 a 100 ha, case duplicándose nas de 5 a 20 ha; pero, sen embargo, sofren un lixeiro descenso nas de 0,1 a 5 ha.

Absterémonos de realizar valoracións coas cifras resultantes do CA72, xa que se aprecian reducións moi fortes, practicamente á metade, no número de empresarios agrarios a tempo parcial. Por exemplo, no caso da Coruña, estes pasarían de 30.241 pertencentes ás explotacións de 0,1 a 5 ha (CA72) a 18.953 (CA82) e 17.063 (CA89). En termos porcentuais pasarían dun 89,67% a un 86,30% e, finalmente, a un 86,13%.

Continuando coa análise nas explotacións de dimensión comprendida entre as 0,1 a 5 ha, o comportamento para o resto das provincias galegas, en termos porcentuais, foi o seguinte (táboa 11).

Como se pode observar, na Coruña e Lugo diminuíu a súa participación; mentres que en Ourense e Pontevedra aumentou sensiblemente. Non obstante, Ourense é a única que experimentou un incremento no número de empresarios agrarios a tempo parcial no período intercensal 1972-1989.

As referencias realizadas ás explotacións de dimensión entre 0,1 e 5 ha, débense a que son as máis representativas, ó estar concentrado nesta dimensión económica o maior número de empresarios agrarios a tempo parcial.

A situación da ATP e a súa evolución a través da información subministrada polos censos agrarios, considerando só a figura do empresario agrario, permítenos preguntarnos cómo sería esta de termos en conta ó resto da familia do empresario (cónxuxe ou outros membros); é dicir, aqueloutras persoas que poden levar a cabo unha segunda actividade (agraria ou outra) á parte da realizada na explotación para obter unha renda suplementaria que lles permita mante-la explotación. Esta análise facémola tendo en conta o período intercensal 1982-89, xa que o CA72 a penas ofrece información en canto ás axudas familiares que nos permita realizar comparacións cos censos agrarios posteriores.

Táboa 10.- Distribución dos empresarios agrarios a tempo parcial en canto á dimensión das súas explotacións

| Tamaño explot. (hectáreas) | A Coruña | | | | Lugo | | | |
|-------------------------------|---------------|--------------|---------------|--------------|---------------|--------------|---------------|--------------|
| | CA82 | | CA89 | | CA82 | | CA89 | |
| | Número | % | Número | % | Número | % | Número | % |
| Explotac. s/terras | 84 | 0,38 | 21 | 0,11 | 73 | 0,76 | 21 | 0,21 |
| De 0,1 a < 5 | 18.953 | 86,30 | 17.063 | 86,13 | 7.367 | 76,67 | 7.141 | 71,61 |
| De 5 a < 20 | 2.595 | 11,82 | 2.482 | 12,53 | 1.853 | 19,28 | 2.424 | 24,31 |
| De 20 a < 50 | 268 | 1,22 | 216 | 1,09 | 268 | 2,79 | 336 | 3,37 |
| De 50 a < 100 | 44 | 0,20 | 18 | 0,09 | 38 | 0,40 | 41 | 0,41 |
| De 100 a < 200 | 13 | 0,06 | 8 | 0,04 | 3 | 0,03 | 7 | 0,07 |
| De 200 a < 500 | 3 | 0,01 | 2 | 0,01 | 6 | 0,06 | 1 | 0,01 |
| Máis de 500 | 1 | | | | 1 | 0,01 | 1 | 0,01 |
| TOTAL | 21.961 | 100,0 | 19.810 | 100,0 | 9.609 | 100,0 | 9.972 | 100,0 |
| Tamaño explot. (hectáreas) | Ourense | | | | Pontevedra | | | |
| | CA82 | | CA89 | | CA82 | | CA89 | |
| | Número | % | Número | % | Número | % | Número | % |
| Explotac. s/terras | 35 | 0,24 | 14 | 0,07 | 202 | 0,73 | 20 | 0,08 |
| De 0,1 a < 5 | 12.760 | 89,12 | 18.163 | 91,77 | 26.949 | 96,87 | 24.741 | 97,28 |
| De 5 a < 20 | 1.460 | 10,20 | 1.568 | 7,92 | 636 | 2,29 | 636 | 2,50 |
| De 20 a < 50 | 33 | 0,23 | 39 | 0,2 | 23 | 0,08 | 25 | 0,10 |
| De 50 a < 100 | 10 | 0,07 | 5 | 0,03 | 6 | 0,02 | 6 | 0,02 |
| De 100 a < 200 | 5 | 0,03 | 1 | | 3 | 0,01 | 1 | |
| De 200 a < 500 | 9 | 0,06 | | | | | 3 | 0,01 |
| Máis de 500 | 5 | 0,03 | 1 | | | | 1 | |
| TOTAL | 14.317 | 100,0 | 19.791 | 100,0 | 27.819 | 100,0 | 25.433 | 100,0 |

FONTE: Elaboración propia a partir dos CA82 e CA89. Madrid: INE.

Táboa 11

| | CA72 | CA82 | CA89 |
|------------|-------|-------|-------|
| A Coruña | 89,67 | 86,30 | 86,13 |
| Lugo | 78,08 | 76,67 | 71,61 |
| Ourense | 90,76 | 89,12 | 91,77 |
| Pontevedra | 96,32 | 96,87 | 97,28 |

FONTE: Elaboración propia a partir dos CA82 e CA89. Madrid: INE.

En España, segundo datos do CA82, o número de axudas familiares é de 1.459.635, das que un 45,7% son homes e un 54,3% mulleres; destas axudas familiares, un 22,2% realizan outra actividade lucrativa, dez puntos por debaixo dos empresarios agrarios a tempo parcial. Cabe destacar que mentres nas axudas familiares a maior porcentaxe está nas mulleres, no caso dos empresarios agrarios era todo o contrario, un 80,2% correspondía ós homes e un 19,8% ás mulleres (táboa 12).

Para Galicia, o número de axudas familiares é de 393.499, distribuídas da seguinte forma: un 30,7% homes e un 69,3% mulleres (obsérvase un predominio de máis do dobre das mulleres que para España). Un 12,2% destas axudas realizan outra actividade fóra da explotación, mentres que os empresarios agrarios a tempo parcial representaban un 20,6% (8,4 puntos de diferenza). Ó igual que para Espa-

ña, dentro dos empresarios agrarios hai un claro dominio dos homes (71,8%) fronte ás mulleres (28,2%).

A evolución no período intercensal 1982-89, tanto para España como para Galicia, rexistra que o número de axudas familiares diminúe; sen embargo, aumenta o número das que realizan outra actividade lucrativa (táboa 13).

Táboa 12

| | GALICIA | | | | ESPAÑA | | | |
|-----------------------------------|---------|-------|---------|-------|-----------|-------|-----------|-------|
| | CA82 | | CA89 | | CA82 | | CA89 | |
| | Total | % | Total | % | Total | % | Total | % |
| <i>Empresarios agrarios</i> | 357.621 | 100,0 | 351.720 | 100,0 | 2342.926 | 100,0 | 2.238.612 | 100,0 |
| <i>Segundo sexo</i> | | | | | | | | |
| Homes | 256.752 | 71,8 | 229.356 | 65,2 | 1.879.049 | 80,2 | 1.705.611 | 76,2 |
| Mulleres | 100.869 | 28,2 | 122.364 | 34,8 | 463.877 | 19,8 | 533.001 | 23,8 |
| <i>Segundo idade</i> | | | | | | | | |
| Menos de 25 | 1.081 | 0,3 | 1.197 | 0,3 | 18.426 | 0,8 | 20.989 | 0,9 |
| De 25 a 54 | 128.042 | 35,8 | 108.122 | 30,7 | 1.080.396 | 46,1 | 916.214 | 40,9 |
| De 55 a 64 | 102.353 | 28,6 | 101.655 | 28,9 | 643.042 | 27,4 | 667.270 | 29,8 |
| Máis de 65 | 126.145 | 35,3 | 140.746 | 40,0 | 601.062 | 25,7 | 634.139 | 28,3 |
| <i>Con outra activ. lucrativa</i> | 73.706 | 20,6 | 75.006 | 21,3 | 767.562 | 32,8 | 768.975 | 34,4 |
| <i>Axudas familiares</i> | 393.499 | 100,0 | 329.195 | 100,0 | 1.459.635 | 100,0 | 1.419.023 | 100,0 |
| <i>Segundo sexo</i> | | | | | | | | |
| Homes | 120.145 | 30,7 | 106.939 | 32,5 | 667.756 | 45,7 | 690.985 | 48,7 |
| Mulleres | 272.754 | 69,3 | 222.256 | 67,5 | 791.879 | 54,3 | 728.038 | 51,3 |
| <i>Segundo idade</i> | | | | | | | | |
| Menos de 25 | 67.289 | 17,1 | 33.640 | 10,2 | 386.038 | 26,4 | 241.590 | 17,0 |
| De 25 a 54 | 175.834 | 44,7 | 168.640 | 51,2 | 697.198 | 47,8 | 777.188 | 54,8 |
| De 55 a 64 | 82.420 | 20,9 | 71.518 | 21,7 | 234.558 | 16,1 | 260.019 | 18,3 |
| Máis de 65 | 67.956 | 17,3 | 55.397 | 16,8 | 141.841 | 9,7 | 140.226 | 9,9 |
| <i>Con outra activ. lucrativa</i> | 48.077 | 12,2 | 66.807 | 20,3 | 324.285 | 22,2 | 485.791 | 34,2 |

FONTE: Elaboración propia a partir dos CA82 e CA89. Madrid: INE.

Táboa 13

| | GALICIA | | | | ESPAÑA | | | |
|-----|---------|-------|---------|-------|-----------|-------|-----------|-------|
| | CA82 | | CA89 | | CA82 | | CA89 | |
| | Número | % | Número | % | Número | % | Número | % |
| (1) | 393.499 | 100,0 | 329.195 | 100,0 | 1.459.635 | 100,0 | 1.419.023 | 100,0 |
| (2) | 48.077 | 12,2 | 66.807 | 20,3 | 324.285 | 22,2 | 485.791 | 34,2 |
| (3) | 357.621 | 100,0 | 351.720 | 100,0 | 2.342.926 | 100,0 | 2.238.612 | 100,0 |
| (4) | 73.706 | 20,6 | 75.006 | 21,3 | 767.562 | 32,8 | 768.975 | 34,4 |

(1) Total axudas familiares; (2) Axudas familiares con outra actividade lucrativa; (3) Total empresarios agrarios; (4) Empresarios agrarios con outra actividade lucrativa.

FONTE: Elaboración propia a partir dos CA82 e CA89. INE.

Como podemos ver nesta táboa, a ATP aumentou durante este período, nos empresarios agrarios como nas axudas familiares; pero cabe resaltar que, para o último censo, a porcentaxe de axudas familiares que realizan outra actividade lucrativa é igual á de empresarios agrarios a tempo parcial, no caso de España, e cun só punto de diferenza para Galicia.

En canto á distribución das axudas familiares para a comunidade autónoma galega, segundo a dimensión económica das explotacións, cabe dicir que, ó igual que os empresarios agrarios, estas se atopan concentradas nas de menor dimensión, de 0,1 a 5 ha. Así 199.196 (o 50,62%) pertencen ó tempo completo e 44.817 (o 11,39%) son as dedicadas a tempo parcial; seguidas a continuación das de 5 a 20 ha. (táboa 14).

Cómpre destaca-lo forte aumento experimentado polas axudas familiares con dedicación a tempo parcial en tódalas dimensións, especialmente nas de 5 a 20 ha e de 20 a 50 ha, segundo recolle o CA89. Con todo, queremos facer notar que iso pode ser debido á distinta consideración que da man de obra familiar se fai en ámbolos dous censos, como xa se mencionou con anterioridade e que causaríá dificultades á hora de intentar establecer comparacións entre eles.

Pasemos agora a ver cál é a situación das axudas familiares a tempo parcial nas catro provincias galegas no período intercensal 82-89. Nas catro provincias rexístrase un descenso no número de axudas familiares (táboa 15).

En Lugo e en Ourense o descenso é máis acusado. En tódalas provincias hai un predominio dentro das axudas familiares das mulleres fronte ós homes (o dobre).

Seguindo a táboa 16, podemos ver cómo o número de axudas familiares a tempo parcial aumentou neste período intercensal para as catro provincias, rexistrándose o maior incremento nas provincias de Lugo (8,8 puntos) e Ourense (9,5 puntos).

Pasemos a estudar, seguidamente, a distribución das axudas familiares con outra actividade lucrativa en canto á dimensión das explotacións (táboa 17).

Lembremos que era precisamente nestas provincias onde se rexistraba tamén un aumento no número de empresarios agrarios a tempo parcial.

Como pode observarse, nas catro provincias galegas case a totalidade das axudas familiares a tempo parcial concéntrase nas explotacións de menor dimensión (de 0,1 a 5 ha), seguida polas de 5 a 20 ha. Tamén pode observarse cómo nas provincias da Coruña e Lugo, neste período intercensal, se verifica un aumento moi significativo das axudas familiares a tempo parcial nas explotacións a partir de 20 ha, nas que eran practicamente inexistentes.

Táboa 14.- Axudas familiares por actividade segundo a dimensión da explotación

| Tamaño explot. (hectáreas) | CA82 | | CA89 | |
|-------------------------------|---------------|---------------|---------------|---------------|
| | Número | %ATP/total | Número | %ATP/total |
| Explot. s/terras | 66 | 0,14 | 28 | 0,04 |
| De 0,1 a < 5 | 44.817 | 93,22 | 52.110 | 78,00 |
| De 5 a < 20 | 2.642 | 5,50 | 13.400 | 20,06 |
| De 20 a < 50 | 72 | 0,15 | 1.173 | 1,76 |
| De 50 a < 100 | 1 | | 89 | 0,13 |
| De 100 a < 200 | 1 | | 6 | |
| De 200 a < 500 | | | 1 | |
| De 500 e máis | | | | |
| TOTAL GALICIA | 48.077 | 100,00 | 66.807 | 100,00 |

FONTE: Elaboración propia a partir dos CA82 e CA89. INE.

Táboa 15

| | Variación | | |
|------------|-----------|---------|------------|
| | CA82 | CA89 | %(Base 82) |
| A Coruña | 119.618 | 108.433 | - 9,4 |
| Lugo | 93.320 | 74.220 | -20,5 |
| Ourense | 76.292 | 58.503 | -23,3 |
| Pontevedra | 104.269 | 88.039 | -15,6 |

FONTE: Elaboración propia a partir dos CA82 e CA89. INE.

Táboa 16

| | A Coruña | | | | Lugo | | | |
|---------------------------------|----------|-------|---------|-------|------------|-------|--------|-------|
| | CA82 | | CA89 | | CA82 | | CA89 | |
| | Núm. | % | Núm. | % | Núm. | % | Núm. | % |
| Total axudas familiares | 119.618 | 100,0 | 108.433 | 100,0 | 93.320 | 100,0 | 74.220 | 100,0 |
| Axud.con outra act. lucrat. | 14.992 | 12,5 | 22.407 | 20,7 | 5.582 | 5,9 | 10.896 | 14,7 |
| Total empresar. agrarios | 104.143 | 100,0 | 103.599 | 100,0 | 76.277 | 100,0 | 72.553 | 100,0 |
| Empr.agr.con outra act. lucrat. | 21.961 | 21,1 | 19.810 | 19,1 | 9.609 | 12,6 | 9.972 | 13,7 |
| | Ourense | | | | Pontevedra | | | |
| | CA82 | | CA89 | | CA82 | | CA89 | |
| | Núm. | % | Núm. | % | Núm. | % | Núm. | % |
| Total axudas familiares | 76.292 | 100,0 | 58.803 | 100,0 | 104.269 | 100,0 | 88.039 | 100,0 |
| Axud. con outra act. lucrat. | 9.755 | 12,8 | 13.027 | 22,3 | 17.748 | 17,0 | 20.477 | 23,3 |
| Total empresar. agrarios | 80.455 | 100,0 | 82.715 | 100,0 | 96.746 | 100,0 | 92.853 | 100,0 |
| Empr.agr.con outra act. lucrat. | 14.317 | 17,8 | 19.791 | 23,9 | 27.819 | 28,8 | 25.433 | 27,4 |

FONTE: Elaboración propia a partir dos CA82 e CA89. Madrid: INE.

Táboa 17.- Distribución das axudas familiares a tempo parcial en canto á dimensión das súas explotacións

| Tamaño explotacións (hectáreas) | A Coruña | | | | Lugo | | | |
|------------------------------------|----------|-------|--------|-------|------------|-------|--------|-------|
| | CA82 | | CA89 | | CA82 | | CA89 | |
| | Núm. | % | Núm. | % | Núm. | % | Núm. | % |
| Explot. sen terras | 15 | 0,10 | 8 | 0,04 | 15 | 0,27 | 12 | 0,11 |
| De 0,1 a < 5 | 14.048 | 93,70 | 16.427 | 73,31 | 4.402 | 79,98 | 5.685 | 52,18 |
| De 5 a < 20 | 789 | 5,26 | 5.470 | 24,41 | 1.044 | 18,97 | 4.560 | 41,85 |
| De 20 a < 50 | 20 | 0,13 | 466 | 2,08 | 42 | 0,76 | 589 | 5,41 |
| De 50 a < 100 | | | 31 | 0,14 | 1 | 0,02 | 48 | 0,44 |
| De 100 a < 200 | 1 | | 4 | 0,02 | | | 2 | 0,02 |
| De 200 a < 500 | | | 1 | | | | | |
| Máis de 500 | | | | | | | | |
| TOTAL | 14.992 | 100,0 | 22.407 | 100,0 | 5.582 | 100,0 | 10.896 | 100,0 |
| Tamaño explotacións (hectáreas) | Ourense | | | | Pontevedra | | | |
| | CA82 | | CA89 | | CA82 | | CA89 | |
| | Núm. | % | Núm. | % | Núm. | % | Núm. | % |
| Explot. sen terras | 8 | 0,82 | 4 | 0,03 | 28 | 0,16 | 4 | 0,02 |
| De 0,1 a < 5 | 8.898 | 91,21 | 11.042 | 84,76 | 17.469 | 98,43 | 18.956 | 92,57 |
| De 5 a < 20 | 669 | 6,86 | 1.915 | 14,70 | 140 | 0,79 | 1.455 | 7,11 |
| De 20 a < 50 | 7 | 0,72 | 62 | 0,48 | 3 | 0,02 | 56 | 0,27 |
| De 50 a < 100 | | | 4 | 0,03 | | | 6 | 0,03 |
| De 100 a < 200 | | | | | | | | |
| De 200 a < 500 | | | | | | | | |
| Máis de 500 | | | | | | | | |
| TOTAL | 9.755 | 100,0 | 13.027 | 100,0 | 17.748 | 100,0 | 20.477 | 100,0 |

FONTE: Elaboración propia a partir dos CA82 e CA89. Madrid: INE.

CONCLUSIÓNS

A modo de resumo podemos sinalar que as diverxencias existentes en torno á definición que dende o punto de vista xurídico, económico ou estatístico se ofrecen do traballo a tempo parcial na agricultura son moi variadas, aínda que o estudio da natureza e dos criterios cuantitativos (o das rendas de traballo percibidas pola unidade familiar e o do tempo de traballo dedicado á explotación) co emprego dos Censos Agrarios de 1972, 1982 e 1989 distingue dúas condicións para que apareza o fenómeno: "*que los agricultores deseen encontrar un empleo adicional fuera de la explotación*" (condición necesaria) e "*que existan esos empleos alternativos*" (condición suficiente), permitíndonos establecer a seguinte definición: a ATP *pódese conceptualizar como a forma de organización agrícola pola que o xefe de explotación e/ou a súa familia alternan os traballos propios da explotación con outros fóra dela, sempre que estes sexan remunerados e que o tempo de traballo dedicado á explotación sexa inferior ó 50% do seu tempo de traballo.*

A ATP pode ser considerada como unha etapa de transición entre o sector agrícola e o sector industrial ou de servizos, á que se lle asigna o papel de regular, tanto no individual como no global, a transferencia do factor traballo. O proceso de éxodo rural ó que estivo sometida a agricultura galega orixinou paulatinamente o avellentamento do campesiño, así como a redución do espazo cultivado e a substitución por unha ATP, o que constitúe unha característica das explotacións agrarias galegas: o minifundismo, acentuado pola presenza de numerosas parcelas tecnicamente inadaptadas que, polo xeral, pertencen a traballadores da industria ou dos servizos, nalgúns casos xubilados, que compaxinan a ocupación básica coas explotacións traballadas a tempo parcial co auxilio dos demais membros da familia. Na actualidade, en Galicia existen explotacións que se desenvolven baixo esta modalidade de organización da produción, aínda que só un reducido número delas son capaces de proporcionar, cun adecuado nivel de eficiencia, os produtos necesarios para o seu autoconsumo e/ou comercialización.

Os resultados obtidos mediante a comparación dos Censos Agrarios de 1972, 1982 e 1989 mostran que o peso específico dos empresarios con dedicación a tempo parcial na agricultura no ámbito nacional pasou dun 48 a un 33 e 34% respectivamente, mentres que en Galicia este comportamento representa o 27% (no CA72) e o 21% nos restantes. No ámbito provincial detéctase un maior peso de empresarios a tempo parcial en Pontevedra e Ourense e unha diminución significativa na Coruña e Lugo.

A análise do número de empresarios con dedicación a tempo parcial no eido provincial vinculado ó tamaño ou dimensión deste tipo de explotacións deu que o maior peso deles se atopaba nas explotacións de 0,1 a 5 ha (entre un 72 e un 97%) e de 5 a 20 ha (entre un 2 e un 24%), independentemente de que no ámbito da comunidade autónoma galega se observara unha lixeira diminución no primeiro intervalo sinalado anteriormente e un incremento nas explotacións cun tamaño entre

5 e 20 ha, o que se explica por un proceso de concentración nos medios de produción.

BIBLIOGRAFÍA

- BADOUIN, R. (1971): *Economie Rural*, p. 19. Paris: Armand Colin.
- BARBERIS (1969): "Une Enquête sur l'Agriculture à Temps Partiel dans les Zones Industrielles de l'Italie", *Économie Rurale*, núm. 81-82.
- BRUN; LACOMBE; LAURENT (1970): *Les Agriculteurs a Temps Partiel dans l'Agriculture Française. I. Hypothèses et Définition. Situation en 1969*. Ministère de l'Agriculture.
- CHAYANOV, A.V. (1966): *The Theory of Peasant Economy*. Chicago: D. Thorner e All.
- CHAYANOV, A.V. (1971): *Peasants and Peasant Societies*. Teodor Shanin. Penguin.
- DAUCÉ; JEGOUZO (1969): "L'Inertie Professionnelle des Chefs d'Exploitation Agricole", *Études Rurales*, núm. 36.
- ENGELS, F. (1975): "El problema campesino en Francia y en Alemania", en K. Marx e F. Engels: *Obras escogidas*, tomo II. Madrid: Ayuso.
- ETXEZARRETA, M. (1985): *La agricultura insuficiente*. Madrid: Ministerio de Agricultura. [Serie Estudios].
- EVRAND, P.; HASSAN, D.; VIAU, C. (1976): *Petite Agriculture et Capitalisme*, 2ª parte. Paris: Inra.
- FUGUITT (1961): "A Tipology of the Part-Time Farmer", *Rural Sociology*, vol. 26, núm. 1.
- GALIZZI (1964): "L'Impresa Part-Time in Agricultura", *Rivista de Política Agraria*, vol. 11, núm. 2.
- GERVAIS, M.; SERVOLIN, C. (1963): "Reflexions sur l'Évolution de l'Agriculture dans les Pays Developpés", *Cahiers de l'ISEA*, (novembro), pp. 97-122.
- INE (varios anos): *Censos agrarios de España de 1972, 1982 e 1989*. Madrid.
- KAUTSKY, K. (1974): *La cuestión agraria*. 2ª ed. Barcelona: Laia.
- KRASOVEC (1964): "Les Perspectives de l'Agriculture à Temps Partiel", *XX Conference Internationale des Economistes Rurales*. Lyon.
- LACOMBE (1968): "Reflexions sur l'Agriculture à Temps Partiel", *Économie Rurale*, núm. 105.
- LENIN, V.I. (1974): *El desarrollo del capitalismo en Rusia*. Barcelona: Ariel.
- LÓPEZ-SUEVOS, R. (1975): *O papel do excedente agrícola na economía galega*. Vigo: Galaxia.
- MANDEL, E. (1972): *Tratado de economía marxista*, p. 249. 3ª ed. México: Era.
- MARX, K. (1971): *El capital*, tomo I, cap. XIII. 4ª ed. México: FCE.
- Memorandum Mansholt*, cap. 5. Paris: Sedaf, 1969.
- NAREDO, J.M. (1974): *La evolución de la agricultura en España*. Barcelona: Laia.
- OCDE (1978): *L'Agriculture á Temps Partiel*, (varios países). Paris.
- RUIZ-MAYA PÉREZ, L. (1988): "El trabajo en las explotaciones agrarias", *Revista de Estudios Agro-Sociales*, núm. 146.
- RUIZ-MAYA PÉREZ, L. (1989): "El trabajo en las explotaciones agrarias: La influencia de la dimensión económica en la evolución de la estructura del trabajo", *Revista de Estudios Agro-Sociales*, núm. 147.
- SERVOLIN, C. (1972): "L'Absorption de l'Agriculture dans le MPC. L'Univers Politique des Paysans", *Cuadernos de la Fundación Nacional de Ciencias Políticas*, núm. 184. Paris: Armand Collin.

SWEETZ, P.M. (1964): *Teoría del desarrollo capitalista*, p. 68. 4ª ed. México: Fondo de Cultura Económica.

TATO RODRIGUEZ, M.M. (1995): *El trabajo en la agricultura gallega. Un análisis cuantitativo con especial referencia al trabajo a tiempo parcial*. [Tesis doctoral]. Santiago de Compostela: Universidad de Santiago de Compostela.

VEDEL: *Perspectives a Longe Terme de l'Agriculture Française, 1968-1985*, p.48.

VERGOPOULOS, K. (1974): "Capitalisme Difforme", en *Question Paysanne et le Capitalisme*. Paris: Anthropos-Idep.

